Sobre os resultados das investigacións referidas á solta do parasito *Torymus sinensis* para a loita biolóxica contra a praga da avespiña do castiñeiro en Galicia e o seu impacto nas poboacións autóctonas, os plans do Goberno galego en materia de loita contra esa praga e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de axudas para paliar os danos causados por ese insecto e polas xeadas ao sector, así como o inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña

- 17010 (10/PRE-004984)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as xestións e as medidas previstas polo Goberno galego para axilizar o inicio da construción dun novo instituto de ensinanza secundaria en Barbadás, na provincia de Ourense, así como as súas intencións respecto do cumprimento do compromiso referido á consignación das partidas orzamentarias necesarias para o remate das obras e a súa posta en funcionamento

- 17022 (10/PRE-004985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da desaparición do proxecto denominado *Modelo Burela* que se viña desenvolvendo no IES Perdouro, na comarca da Mariña, co fin de facilitar a integración social e a normalización da lingua galega entre a comunidade estranxeira, a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto e as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o seu mantemento e impulso, así como a valoración que fai dos seus resultados

- 17024 (10/PRE-004986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación levada a cabo pola Xefatura Territorial de Pontevedra en relación cos problemas que está a ocasionar a praga de ratas detectada no CPI da Cañiza, e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar esta situación no futuro

- 17036 (10/PRE-004987)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre os datos referidos aos traballos de retirada do depósito de pneumáticos en desuso de Fene da terra contaminada con restos da trituración dese material, o seu tratamento e destino, así como o recheo levado a cabo con terra procedente doutro lugar

- 17076 (10/PRE-004988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para diminuír o impacto acústico, ambiental e visual que tería a execución do trazado previsto no proxecto de ampliación da autovía Santa Irene-Calo-Vimianzo, así como as intencións en relación coa inclusión na redacción definitiva do proxecto das demandas da veciñanza de Calo ao respecto

- 17088 (10/PRE-004989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade da Coruña, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17089 (10/PRE-004990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Ferrol, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17090 (10/PRE-004991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Lugo, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17091 (10/PRE-004992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Ourense, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17092 (10/PRE-004993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Pontevedra, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17093 (10/PRE-004994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Santiago de Compostela, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17094 (10/PRE-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos anos 2015 e 2016 na cidade de Vigo, en materia de ensino regulado (exceptuando a Universidade), educación artística e educación especial

- 17095 (10/PRE-004996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello da Guarda durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17096 (10/PRE-004997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Baiona durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17097 (10/PRE-004998)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Gondomar durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17098 (10/PRE-004999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Mos durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17099 (10/PRE-005000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Nigrán durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17100 (10/PRE-005001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello do Rosal durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17101 (10/PRE-005002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Oia durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17102 (10/PRE-005003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Pazos de Borbén durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17103 (10/PRE-005004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello do Porriño durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17104 (10/PRE-005005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Redondela durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17105 (10/PRE-005006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Salceda de Caselas durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17106 (10/PRE-005007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Tomiño durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17107 (10/PRE-005008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Tui durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17108 (10/PRE-005009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar financiado polo Goberno galego no concello de Vigo durante os anos 2015 e 2016, así como as súas previsións de incremento no ano 2017 e a cobertura da demanda existente nese concello

- 17113 (10/PRE-005010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás sancións impostas polo Sergas á empresa concesionaria do novo hospital de Vigo

- 17120 (10/PRE-005011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a autorización concedida a unha empresa para a xestión de residuos tóxicos e perigosos nas súas instalacións de Lendo, no concello da Laracha, os datos referidos ás actividades que está a desenvolver para ese fin e o control que está a levar a cabo a Administración autonómica ao respecto, así como a existencia dalgún informe referido ao impacto da actividade destas industrias no seu contorno

- 17136 (10/PRE-005012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das carencias e deficiencias detectadas no novo Centro de Saúde de Marín, as razóns existentes para non dotalo de servizo de radioloxía e as súas intencións respecto da ampliación do seu cadro de persoal polo menos con dúas prazas de fisioterapia, así como o seu horario de funcionamento da ambulancia ata as 24 horas do día

- 17206 (10/PRE-005013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o orzamento destinado nos últimos anos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o mantemento e impulso do contorno do Parque de Cotorredondo, situado nos

concellos de Vilaboa e Marín, as actuacións que está a estimar o Goberno galego para recuperar os seus valores ambientais, turísticos e patrimoniais, así como a actuación desa consellaría en relación cos convenios asinados e as solicitudes presentadas por diversas comunidades de montes ao respecto

- 17211 (10/PRE-005014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación cos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia, a súa incidencia no custo dos servizos de busca e salvamento marítimo e as melloras derivadas do actual modelo de xestión privada, así como a súa opinión respecto da coincidencia da oferta económica realizada pola única empresa presentada á licitación do novo contrato co importe máximo fixado pola Consellería do Mar

- 17215 (10/PRE-005015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da emisión na plataforma televisiva Movistar+ de boa parte da oferta de series e cine con subtítulos en euskera e catalán e non en lingua galega

- 17217 (10/PRE-005016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da emisión na plataforma televisiva Movistar+ de boa parte da oferta de series e cine con subtítulos en euskera e catalán e non en lingua galega, así como a dispoñibilidade pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dalgún proxecto para situar o galego ao mesmo nivel que o resto das linguas nas plataformas de televisión

- 17222 (10/PRE-005017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do cobro de entradas para a realización de visitas ás catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui mentres que están a recibir achegas económicas de carácter público, o cumprimento das obrigas derivadas da súa condición de Ben de Interese cultural e a actuación que vai levar a cabo ao respecto

- 17233 (10/PRE-005018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á situación asistencial existente no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, as datas previstas polo Goberno galego para a apertura das 50 camas pechadas no hospital Abente e Lago e a posta en funcionamento das unidades de cirurxía plástica e oncoloxía, así como as súas intencións en relación co traslado ao persoal do calendario laboral en tempo e forma

- 17224 - 17240 (10/PRE-005047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre os datos referidos ás xuntanzas levadas a cabo pola Xunta de Galicia coa fundación encargada da xestión das visitas ao Pazo de Meirás, así como os expedientes abertos polo incumprimento da normativa vixente ao respecto

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17240.

1.4.4.2.1. Preguntas orais en Comisión reconvertidas en preguntas para resposta por escrito

Admisión da solicitude, asignación á Comisión e publicación do acordo

- 3189 - 16864 (10/PRE-003941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a situación actual do monumento de Santalla de Bóveda, as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar o seu estado de conservación e o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as previstas no ano 2017 e a realización dun plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 16864, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ás incidencias detectadas no inicio do curso escolar.

Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto comezar o curso non debería ser motivo de preocupación para as familias. Sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto supoñen que o inicio do curso supoña uns 800€ de media por fillo ou filla a cada familia. Unha cifra elevadísima a que moitas familias non poden facer fronte.

Por outra banda, comezamos un curso coa desaparición de nove unitarias no medio rural galego ao que se suman a supresión de 42 unidades, así como 47 docentes de primaria e infantil menos. Contando, ademais, cun incremento importante de profesorado que se ve na obriga de impartir aulas en asignaturas chamadas afíns, accede a unha praza itinerante ou se atopa nunha situación de interinidade. Exemplos, todos eles, da precarización das condicións laborais do profesorado do ensino público galego.

En terceiro lugar cómpre destacar que se empeza o curso con obras sen rematar en máis de cen escolas que a Xunta de Galicia foi incapaz de rematar en prazo e forma.

A isto debemos sumar problemas no transporte escolar en diferentes puntos do país con empresas que incumpren a normativa vixente.



Sen embargo, non todo son recortes porque co ensino concertado o Goberno galego segue a ser tremendamente xeneroso, toda vez que aumenta a súa financiación e a compromete ata 2023. Mesmo incluíndo a cinco centros educativos con prácticas claramente machistas como a segregación do alumnado.

Sobre todo isto atopámonos cunha LOMCE parcheada unha e outra vez, que se supón vive os seus últimos meses antes da que debería ser a octava lei educativa da democracia e que implica unha incerteza e inestabilidade enorme, toda vez que o alumnado comeza sen saber como serán as portas de fin de etapa nin os efectos académicos das mesmas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Á luz dos datos comentados, considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorre dentro dos parámetros que deben caracterizar a un ensino público de calidade?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 19:19:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 19:19:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ás incidencias detectadas ao inicio do curso no transporte escolar.

Tres días, ese foi o prazo que o goberno necesitou para que se comprobara como o seu plan de transporte xera problemas importantes para o sistema educativo.

Basta poñer un exemplo do pasado 13 de setembro no que un grupo de nais de alumnado das parroquias de Picoña e parte de San Xurxo, impediron a saída do transporte escolar da empresa Monbús. Toda vez que puxeron en funcionamento un autobús con capacidade insuficiente para acoller a todas as nenas e nenos. Non foi o primeiro día senón que, tal e como denunciaron as familias, foi o que aconteceu tanto o luns como o martes, días nos que as nenas e nenos se desprazaron á escola sentados de tres en tres en cada dous asentos, feito que hoxe pretendía repetirse e que contravén a lexislación actual.

E é que de acordo co Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, «Sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores» no seu artigo 4 sobre «Características técnicas dos vehículos» sinala claramente que: "Cada menor dispoñerá da súa propia praza ou asento, que deberá ter as dimensións mínimas determinadas no regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación". E dicir, queda invalidada a antiga norma de que "podían sentarse tres por cada dous asentos".

Ante a negativa das nais e pais de que se continuara con esta situación, a empresa optou por facer unha dobre viaxe, facendo a primeira saída cos nenos das paradas



de Outeiro e Condide. Mentres tanto, o resto de cativos agardaron no colexio baixo o coidado de persoal docente do centro, que se encargou da vixilancia dos mesmos ata a chegada da segunda viaxe que os levou á súa casa. Unha situación que, ao noso entender non se pode repetir.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Considera adecuado o Goberno galego que as empresas de transporte escolar se salten a lexislación vixente referida á seguridade do mesmo?
- 2.^a) Cantas incidencias se detectaron en autobuses escolares por falta de prazas neste inicio de curso escolar?
- 3.^a) Que tipo de sanción se vai impoñer ás empresas que incumpran a normativa?
- 4.^a) Vai poñer en marcha o Goberno galego algunha medida para garantir o correcto funcionamento do transporte?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 19:11:42

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 19:11:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o persoal coidador que atende o alumnado con NEEs nos comedores escolares xestionados polos concellos e entidades sen ánimo de lucro.

No presente curso académico 2017/2018 entrou en funcionamento a Instrución 8/2017 pola que se regulan as funcións a desenvolver polo persoal coidador de NEEs nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público.

Nesta Instrución establécese, entre outras cuestións, que:

1º- As persoas coidadoras de estudantes con NEEs, durante o tempo da súa xornada laboral, asistirán e axudarán no comedor escolar e nos períodos anterior e posterior a devandito servizo, o alumnado que teñen asignado ao seu coidado.

2º- As persoas coidadoras de NEEs comerán xunto co alumnado ao que coidan, no comedor escolar, como comensais gratuítos.

Esta decisión adoptada pola Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos contravén o disposto no Decreto 132/2013 de comedores escolares dos centros públicos non universitarios dependentes da Consellaría de Educación pois, no artigo 3.4 do mesmo que obriga as empresas concesionarias dos comedores escolares xestionados polos concellos ou as ANPAs a prestar e organizar “de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:24
Nº Rexistro: 16648
Data envío: 15/09/2017 12:24:02.101

xeito exclusivo os labores de atención e coidado dos alumnos nos comedores, mediante os seus propios medios persoais ou recorrendo á contratación con empresarios e empresas especializadas”.

Neste senso, a Instrución 8/2017 constitúe:

a) Unha mudanza unilateral das condicións de traballo dunha categoría profesional laboral do V Convenio Único da Xunta de Galiza pois non foron negociadas previamente coas persoas coidadoras de estudantes con NEEs nin coas organizacións sindicais.

b) Exime as empresas de cátering contratadas para a prestación do servizo de comedor de cumprir coas súas obrigas, fixadas no propio decreto 132/2013 (artigo 3.4) cargando esas tarefas, alén do máis impropias de acordo co convenio colectivo, sobre o persoal coidador da Xunta.

A Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos materializan con esta Instrución o que, de facto, xa estaba a ser unha realidade desde hai anos. Tanto é así que na pasada lexislatura o deputado do BNG pola circunscrición de Lugo e voceiro desta organización na Comisión 4ª, Cosme Pombo, denunciou esta situación en sede parlamentar exixindo explicacións.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que razón ou razóns motivaron a Instrución 8/2017 que regula as funcións a desenvolver polo persoal coidador de NEEs nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:24
Nº Rexistro: 16648
Data envío: 15/09/2017 12:24:02.101

- Cre a Xunta de Galiza que se está a cumprir o disposto no Decreto 132/2013 (artigo 3.4) e o V Convenio Único da Xunta?
- Foron negociadas coas traballadoras e traballadores así como coas organizacións sindicais que as representan estas atribucións?
- Pretende a Xunta de Galiza tentar legalizar o que podería constituír unha cesión ilegal de traballadoras/es?
- Por último, cre a Xunta de Galiza que é admisíbel no ano 2017, por parte dunha administración pública, o uso en documentos oficiais dunha linguaxe androcéntrica e non inclusiva como acontece neste caso co uso de termos como “nenos con deficiencias” ou “minusvalía”?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:24
Nº Rexistro: 16648

Data envío: 15/09/2017 12:24:02.101

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2017 12:22:29

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2017 12:22:33

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2017 12:22:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/09/2017 12:22:36

Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2017 12:22:37

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2017 12:22:38

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Consello de Ministros aprobou o 3 de xullo o Real decreto que desenvolve a Lei de 2015 sobre Formación Profesional, que inclúe entre as súas medidas o cheque de formación. A dita norma establece os requisitos e condicións que deberán cumprir os traballadores e traballadoras desempregadas para acceder ao cheque. Así mesmo, establece que as comunidades, previa consulta ás organizacións empresariais e sindicais, poidan poñelo en marcha, dando conta á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

O cheque de formación foi rexeitado a finais de 2016 por dez das dezasete comunidades autónomas representadas na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, así como polos sindicatos e organizacións empresariais, entre outros motivos porque supón un paso máis na privatización do sistema de formación, e por non ofrecer garantías para evitar a fraude. Ademais, regula as iniciativas e programas de formación profesional para o emprego, os requisitos e límites das accións formativas, e os seus destinatarios e a forma de acreditación das competencias adquiridas polos traballadores. Tamén incorpora o desenvolvemento do novo sistema integrado de información coas actividades formativas desenvolvidas en todo o territorio nacional.

Os gastos derivados deste Real decreto serán financiados polas administracións públicas. No orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) para 2017 prevense 1.086 millóns para formación de traballadores ocupados e 897 millóns para a formación de desempregados.

O 13 de setembro de 2017 o Parlamento de Galicia aprobaba, cos únicos votos a favor do grupo popular, unha proposición non de lei na que se “instaba á Xunta de Galicia a introducir o cheque formación, escollan a formación que queren recibir e a entidade na que queren que se imparta”.

Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha o cheque de formación?

2ª) Reuniuse a Xunta de Galicia coas organizacións sindicais e empresariais para consensuar o deseño e a planificación deste cambio na estratexia de formación galega?

3ª) Que orzamento vai dedicar o Goberno galego á posta en marcha do cheque de formación?

4ª) Considera o Goberno galego que a privatización do sistema de formación galego contribuirá ao acceso a un emprego de calidade aos desempregados e desempregadas?

5ª) Ten previsto a Xunta de Galicia establecer mecanismos adicionais de control para evitar a fraude nos cursos de formación?

6ª) En caso afirmativo, en que van consistir as ditas medidas?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/09/2017 14:26:30

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2017 14:26:38

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 14 de decembro de 2016 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, ao abeiro das leis 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e 19/2013 do 18 de xaneiro; dirixida á Consellería do Mar. A dita solicitude foi trasladada mediante un escrito asinado pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ao Consello de Contas o 7 de agosto de 2017, no que se dicía que “... ao non obrar na Consellería do Mar a información solicitada relativa aos informes de auditoría de contas da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e da Confraría de Pescadores de Caión dáselle traslado ao Consello de Contas.”

Na resolución emitida polo Consello de Contas de Galicia de data 8 de setembro deste ano, e número de rexistro de saída núm. 677, indicábase o seguinte:

“... polo que se refire a informes de fiscalización realizados polo Consello de Contas o último que realizou relativo ás confrarías de pescadores foi o Informe Xeral de Confrarías de Pescadores de Galicia correspondente aos exercicios 2006-2007, realizado no ano 2009 ... O Consello de Contas non ten realizado, ata a actualidade, informes de fiscalización nin da Federación Galega de Confrarías de Pescadores nin da confraría de pescadores de Caión polo que non pode facilitarse esta información”.

Polo que dende a entrada do PP de Galicia ao Goberno galego, deixouse de facer por parte do Consello de Contas de Galicia calquera tipo de fiscalización á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, nin ás federacións galegas das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, en consecuencia, o Consello de Contas non pode facilitar información porque non dispón dela, o cal limita a transparencia desde Goberno.



Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cal foi o motivo polo cal a partir de 2009 se deixaron de facer informes de fiscalización por parte do Consello de Contas á Federación Galega de Confrarías de Pescadores e ás federacións provinciais, así como ao resto das confrarías de pescadores?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego, a efectos de xestión e consecuencias en transparencia, ante o feito de que dende o ano 2009 non se volveran facer informes de fiscalización por parte do Consello de Contas á Federación Galega de Confrarías de Pescadores e ás federacións provinciais, así como ás confrarías?

3ª) Pensa o Goberno galego retomar esta práctica?

4ª) A parte da mera publicación das contas anuais formuladas polas confrarías, na páxina web, realízase algún tipo de control ou xestión por parte do Consello de Contas ou da Consellería do Mar en relación coas confrarías de pescadores?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/09/2017 14:33:01

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2017 14:33:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/09/2017 14:33:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2017 14:33:35

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da Lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro. A execución das medidas que regula o texto é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A preguntas formuladas por este Grupo Parlamentario, en data 1 de setembro o Goberno da Xunta de Galicia daba resposta ás cuestións formuladas. Unha delas referíase á falta de persoal, en concreto, á *ratio* que se manexa entre menores/persoal por cada centro. E a resposta foi moi preocupante, pois recoñecía que non é suficiente a presenza nos centros de menores dun técnico e persoal auxiliar.

“A *ratio* de persoal nos centros de menores vén regulada no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. De acordo con esta norma, a *ratio* de persoal educativo nos centros de menores en réxime aberto é de 1 educador por cada 8 menores nas horas en que estes permanecen no centro. Nas unidades de réxime semiaberto ou pechado, a *ratio* mínima é de 1 educador por cada 5 menores durante as quendas de día. Nos centros de atención específica debe haber 1 educador por cada 4 menores no momento en que se dea o máximo desenvolvemento das actividades diúrnas. Nas quendas de noite debe garantirse 1 traballador por centro, agás nos centros de atención específica, no que se garante 1 traballador por cada 10 menores”.

Esa é a norma pero o Goberno recoñece que se lles esixise ás entidades privadas que levan centros (todos menos un) un número de educadores e doutro persoal técnico e de servizos acorde co número de prazas en cada centro, indicando que, por riba destes mínimos, algunha entidade presentou melloras de persoal. Pero non se sabe nin cal é nin canto persoal hai en cada centro.



Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a *ratio* que se manexa entre menores/persoal por cada centro de reforma de menores que hai en Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cal foi ou cales foron as entidades privadas que presentaron melloras en relación ao persoal?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2017 10:33:54

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2017 10:34:01

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2017 10:34:07

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia de data 14 de marzo de 2017, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a *Orde do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN2011)*.

Na propia exposición de motivos, establécese que “O Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos o apoio á creación de empresas comerciais, impulsando as novas ideas, a competitividade e o emprendemento, e sinala que Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén desde o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, para o que é necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxías xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos”

No Anexo I recolle as bases reguladoras para a concesión das subvencións, que no artigo 3 establece que poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes.

No artigo 8 establece os criterios de valoración das solicitudes presentadas.

No Diario Oficial de Galicia de data 4 de setembro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Resolución do 23 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da dita Orde, resultando beneficiados 11 concellos.



Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales foron a totalidade dos concellos que solicitaron a dita subvención?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cales foron os concellos beneficiados pola dita subvención con indicación dos criterios de valoración aplicados a cada un deles de acordo co artigo 8 da Orde do 2 de marzo de 2017?

3ª) Cales foron os concellos excluídos ou que lles foi denegada a subvención, así como a motivación?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/09/2017 10:46:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2017 10:46:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/09/2017 10:46:22

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e Maria Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático. En outubro de 2011, a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas falaba de incrementar o uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo en Galicia a través do Plan Director de Mobilidade Alternativa, que se comezaría a aplicar en 2012. Dese plan nada se volveu saber, mais o certo é que en Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e que máis ou menos un 50 % da poboación ten acceso limitado ao vehículo privado.

En resposta a preguntas realizadas por este Grupo Parlamentario, con data 5 de setembro o Goberno da Xunta de Galicia dicía o seguinte: “No ano 2016, en resposta á necesidade de adaptar o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia a unha escala comarcal cuns ámbitos urbanos ou periurbanos e co fin de facilitar desprazamentos cotiás, aliñándoo así co Programa Operativo FEDER 14-20, a Axencia Galega de Infraestruturas elabora a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Esta estratexia céntrase no fomento da mobilidade alternativa a menor escala e a nivel local (desprazamento cotián e a escala comarcal) por ser a que permitirá garantir, en maior medida, o cumprimento do obxectivo de diminución dos gases de efecto invernadoiro. Para a posta en marcha da Estratexia realizouse un estudo daquelas zonas nas que os investimentos ían ser máis eficientes, de acordo cos obxectivos de fomento da mobilidade sostible. O resultado foi a selección de 11 áreas nas que se teñen desenvolvido documentos de estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, 7 na primeira fase (as comarcas da Coruña, Bergantiños, Santiago, Terra Cha, Salnés, Vigo e Ferrol) e 4 na segunda (comarcas do Morrazo, Pontevedra, Lugo e Ourense). En todas as comarcas da primeira fase xa se teñen licitado actuacións ou iniciado obras e foron licitados os contratos de redacción dos proxectos construtivos da segunda fase”.



Grupo Parlamentario

Pero nada se sabe da segunda fase, por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno galego que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cando vai comezar o Goberno a segunda fase da estratexia de mobilidade alternativa a nivel local, na comarca de Pontevedra?

3ª) Ten xa o Goberno galego os proxectos construtivos da segunda fase?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2017 10:57:18

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2017 10:57:25

María Luisa Pierres López na data 18/09/2017 10:57:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 18/09/2017 11:06:05.407

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O pasado 15 de setembro de 2017 o Instituto Nacional de Estatística publicou os datos da Enquisa trimestral de Custo Laboral correspondentes ao segundo trimestre de 2017. Cómpre recordar que esta enquisa é unha operación estatística continua que cada tres meses permite observar a evolución do custo laboral medio por traballador e mes así como o custo laboral por hora efectiva de traballo e o tempo traballado e non traballado. Así mesmo, desde o ano 2013 incorporou ás súas medicións información referida as vacantes ou ofertas de emprego. Esta ferramenta constitúe unha fonte fiable para ver a evolución do emprego no Estado e no noso país e forma parte tamén dos euroindicadores da EUROSTAT canto á medición da converxencia dos custos laborais nos estados membros da Unión Europea.

Os datos recentes amosan a permanencia do estancamento canto ao custo laboral total como nos custos salariais desde 2010. Máis aínda, obsérvase no conxunto estatal, con datos corrixidos de calendario e desestacionalizados, unha diminución dun 0,2% no segundo trimestre de 2017 respecto ao ano anterior tanto no custo laboral por traballador ou traballadora como no custe laboral por hora efectiva.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 18/09/2017 11:06:05.407

Canto ao custe laboral por traballador e mes observamos que Galiza ten o terceiro peor dato, con 2.259,71€ de media cunha variación interanual dun 1,2. Facendo unha análise dos diferentes sectores, obsérvase a evolución á alza do sector industrial na práctica totalidade dos compoñentes do custo laboral. Porén, obsérvase tamén a consolidación da tendencia á baixa do custo laboral total do sector da construción e a evolución negativa de varios compoñentes do custo salarial total do sector servizos, que é o principal protagonista do mercado laboral galego. A terciarización do mercado laboral galego leva canda si que a evolución deste sector teña unha profunda afectación nunha parte importante da nosa poboación e que sexa determinante para a evolución económica do noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Vai corrixir o Goberno galego a súa política económica para que os salarios galegos non estean conxelados sete anos máis?

Como avalía o Goberno galego o estancamento dos custos mensuais por traballador ou traballadora no noso país?

Considera o Goberno galego que é sostíbel este estancamento coa evolución dos prezos de mercado do último ano?

A que considera o Goberno galego que se debe o estancamento do último ano do sector industrial, malia ter sido un dos que excepcionalmente experimentaba unha evolución á alza? Ten pensado algunha medida ao respecto?

Considera a Xunta de Galiza que a radiografía do mercado laboral galego permite que a evolución da economía galega sexa positiva?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 18/09/2017 11:06:05.407

Considera o Goberno galego compatíbel a terciarización da economía co desenvolvemento do consumo?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 11:04:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/09/2017 11:05:03

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 11:05:07

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 11:05:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 18/09/2017 11:06:05.407

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2017 11:05:12

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2017 11:05:14



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:16
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 18/09/2017 11:16:59.290

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O Índice de Prezos ao Consumo é un indicador económico no que se valoran os prezos dun conxunto de bens e servizos determinados sobre a enquisa de gasto dos fogares, avaliando a variación do prezo de diferentes elementos. Con anterioridade ás mudanzas derivadas da crise económica desatada a partir de 2008, o IPC viña determinando as evolución de elementos como as pensións, as rendas do traballo e elementos fundamentais para cada economía persoal e familiar, como por exemplo o prezo dos alugueiros de vivenda. Porén, a crise serviu e coartada tamén para afectar esta tendencia e podemos recordar como xa no 2013 o Estado desvinculou as pensións do IPC. Mentres, podemos observar como a evolución á alza do IPC se ten afastado enormemente da evolución dos salarios e das pensións.

Se observamos a evolución do IPC no ano de 2017 podemos observar como se pechou o pasado mes de xaneiro cunha suba da taxa interanual elevada até o 3,2% no momento de pechar o primeiro mes de 2017. Cómpre sinalar que esta suba supuxo o maior incremento nos últimos anos e situouse por riba da media estatal, situada no 3% sendo Galiza unha das comunidades cun maior incremento. Un incremento que non vemos noutros campos, como os salarios ou pensións galegas e causado fundamentalmente polo incremento dos prezos da electricidade e das gasolinas. Aínda



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:16
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 18/09/2017 11:16:59.290

que o verán suavizara este aumento, con factores como o menor consumo enerxético, as rebaixas, etc. que o Goberno do estado agarde un freo na suba dos prezo tralo verán pola caída do petróleo, todo isto acontece nun contexto no que a capacidade económica dos galegos e galegas non está a experimentar mellora cualitativa tal e como evidencian os datos económicos e laborais pertencentes ao feche do ano 2016 e que marcaron o inicio de 2017.

O IPC de agosto amosa unha suba nos ámbitos do transporte, a vivenda (por mor dos combustíbeis) e os alimentos como a froita, dificultando as economías domésticas nun setembro que para unha parte importante da poboación vén marcado polo inicio do curso escolar, caracterizado por requirir un esforzo económico extraordinario para a adquisición de materiais. Neste mes pasado de agosto, o índice galego experimentou un incremento de ata un 0,3% con respecto ao mes anterior, o que nos dá un resultado ademais unha décima superior á do conxunto do Estado (un incremento do 1,8%, dúas décimas superior ao do conxunto do Estado (1,6%).

Neste contexto, son moitos os galegos e galegas quen ven a súa economía afectada por unha continua suba de prezos de bens indispensábeis mentres as súas pensións, salarios ou prestacións non ven acompañado ese incremento.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Considera o Goberno galego que as maiorías sociais galegas están en condicións de afrontar a continuada suba de prezos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:16
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 18/09/2017 11:16:59.290

Como avalía o Goberno galego a evolución do IPC galego durante 2017? Que previsións ten para 2018?

A evolución dos prezos no ano 2017 implicará a corrección dalgún tipo de medida económica e fiscal por parte do Goberno galego?

Ten pensado o Goberno galego variar a carga impositiva de cara aos vindeiros orzamentos?

Como avalía o Goberno galego a perda de capacidade económica das familias e fogares galegos?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:16
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 18/09/2017 11:16:59.290

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 11:16:17

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 11:16:22

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 11:16:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/09/2017 11:16:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2017 11:16:26

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2017 11:16:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 16689
Data envío: 18/09/2017 11:24:26.894

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a demora nas obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao en Vigo.

A demora nas obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao (no barrio de Navia) imposibilitaron o inicio do curso o pasado luns 11 de setembro nas debidas condicións de seguridade e hixiene para o alumnado e profesorado do citado centro.

As familias levan semanas advertindo a través da ANPA á Xefatura Territorial de Educación de que de non se tomar medidas non ía ser posíbel iniciar o curso con plenas garantías de salubridade e seguranza para o alumnado. Neste sentido, é de lamentar o enorme prexuízo provocado pola falla de rigor e capacidade de resposta da Xunta.

A xunta directiva da ANPA deste centro está denunciar que as estruturas exteriores dificultan o tránsito de persoas, as aulas están completamente inutilizadas pola cantidade de pó en suspensión procedente do reforzo de piares e outras medidas. Ademais, na zonas acoutadas estanse empregando produtos para a colocación de elementos cuxo cheiro se suma á toxicidade do ambiente.

Todo isto supón un elevado risco para o alumnado, especialmente se padece problemas respiratorios. Por último, aínda non remataron as obras con guindastre, que sobrevoa con carga o espazo aéreo do patio exterior e o panel que cubrirá o teito aínda non se ten fixado.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 16689
Data envío: 18/09/2017 11:24:26.894

No BNG entendemos que, ademais de impedir o inicio normal do curso, o estado das obras e a falla de limpeza provocou que tampouco se puxera en marcha o servizo de aulas matinais nin de comedor, co impacto que iso ten na organización das familias e na conciliación laboral. Desde o BNG urximos que se adopten solucións definitivas que poñan fin aos temores fundados das familias.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a razón de que as obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao (no barrio de Navia) se demorasen e coincidisen co comezo do curso, provocando molestias e incomodidades no normal desenvolvemento da actividade lectiva e dos servizos complementarios?

2. Que previsións ten o goberno galego para remate das citadas obras?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 16689
Data envío: 18/09/2017 11:24:26.894

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2017 11:23:28

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 11:23:33

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 11:23:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/09/2017 11:23:38

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2017 11:23:42

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 11:23:44

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Centro de Saúde de Pobra, precisa de arranxos, xa que se atopa nunha situación que resulta incomprensible, nunha sociedade do benestar da que presumimos. Algúns destes arranxos, son de mantemento e corresponden ao Concello, pero hai outros de carácter estrutural que corresponden ao Goberno galego.

Así pois, son varias as deficiencias das que os veciños e as veciñas, así como os profesionais, se veñen queixando:

- A auga quente chega en cantidade moi deficiente ao andar superior. A caldeira é anticuada e ten un consumo excesivo, carecendo de indicador para saber cando se acaba o gasóleo, e se queda sen combustible normalmente hai que esperar dous días para que veña o fontaneiro a poñela en marcha; dous días de inverno sen calefacción nun centro de saúde, con persoas enfermas é inadmisíbel.
- Hai goteiras polas fiestras do despacho da matrona e polas da sala de urxencias.
- Houbo desprendementos da cornixa, ca sorte de que nese intre non pasaba ningunha persoa por debaixo, e tamén doutras zonas externas.
- Os azulexos da zona do lavamáns despréndense, o material mobiliario dos despachos non é o adecuado e está en estado deplorable co conseguinte risco para os doentes.



Grupo Parlamentario

- A dobre fiestra de aluminio sen rotura de ponte térmico fai que no inverno filtre o frío e no verán acumule o calor. De feito nalgúns despachos o propio persoal sanitario merca do seu peto o ventilador para ofrecer aos pacientes unha consulta moito máis agradable.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Renovación da cuberta: o tellado precisa renovarse.

Para ofrecer un servizo de calidade hai que poñer os medios para que os profesionais desempeñen o seu traballo nas mellores condicións e para que os pacientes vexamos cumpridas todas as expectativas como usuarios.

Neste inmobile non se traballa con obxectos nin con mercadorías, trátase de persoas e vidas humanas e que os graves defectos denunciados poden ocasionar incluso prexuízos na saúde laboral dos traballadores e un malestar crecente neles podendo interferir na adecuada prestación dos servizos.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación na que se atopa o Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal?

2ª) Vai levar a cabo algún tipo de xestión este goberno para emendar todas as deficiencias estruturais e de mantemento dos elementos básicos?

4ª) Que prazos valora o Goberno galego para levar a cabo o mantemento necesario no Centro de Saúde da Pobra, que está afectando tanto a doentes como a profesionais?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 18/09/2017 11:14:23

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2017 11:14:37

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2017 11:14:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Así, a mobilidade sustentable non se pode entender sen unha forte aposta polo transporte público colectivo, polos medios de transporte que minimizan as emisións por usuario e que precisan dunha boa planificación para poder responder ás necesidades de mobilidade dos cidadáns.

A preguntas deste Grupo Parlamentario, en data 5 de setembro o Goberno da Xunta de Galicia respondía o seguinte: “A Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de transporte metropolitano, un plan actualmente en funcionamento en 5 áreas metropolitanas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago e Vigo) e 65 concellos que aglutinan máis da metade da poboación de Galicia. O Plan de transporte metropolitano permitiu que o pasado ano 2016 se bonificasen 14 millóns de billetes en Galicia, o que supón un incremento de case o 9 % con respecto ao exercicio anterior. O Goberno galego segue a apostar por expandir este modelo e estender os seus beneficios a aquelas áreas onde non está implantado, como é o caso de Ourense e de Pontevedra”.

O certo é que Pontevedra, unha das 4 capitais de provincia de Galicia, e a súa cidadanía segue a agardar por un plan de transporte metropolitano.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas.

1ª) Entende o Goberno galego que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático?



Grupo Parlamentario

2ª) Cando vai expandir o modelo do Plan de transporte metropolitano á área de Pontevedra?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Entende o Goberno que a poboación de Pontevedra e a súa comarca non deberían ter bonificacións nos seus billetes?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2017 11:54:37

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2017 11:54:44

María Luisa Pierres López na data 18/09/2017 11:54:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a situación dos Conservatorios Profesionais de música na Galiza de titularidade municipal.

Na Galiza existen actualmente diversos concellos que contan con Conservatorios Profesionais de música municipais. No concreto: Culleredo, Carballo, Monforte, Vilalba, Viveiro, O Carballiño, Xinzo, Ribadavia, A Estrada, Cangas, Lalín, Pontearreas, Redondela, Vilagarcía, Noia, Arzúa, Betanzos, As Pontes, Melide, Ribeira, O Barco, Celanova, Verín, Cambados, Gondomar, Vilagarcía, A Guarda e Tui.

Neste senso, dos 36 conservatorios que imparten ensinanzas oficiais na Galiza apenas 7 son de titularidade da Xunta (A Coruña, Ferrol, Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), os demais son municipais; un servizo impropio das administracións locais ao se tratar de ensinanzas musicais regradas cuxa xestión corresponde en exclusiva á Xunta. Porén, é unha realidade que existe.

Como consecuencia da progresiva redución dos fondos que a Consellaría de Educación, Cultura e O.U. destina ao apoio económico dos conservatorios e escolas de música municipais, os concellos tiveron serias dificultades para garantir a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16710
Data envío: 18/09/2017 12:34:35.565

continuidade do servizo, véndose abocados na maior parte dos casos a incrementar as taxas que recadan pola matriculación do alumnado.

Así, mentres as taxas dos conservatorios da Xunta de Galiza (de acordo co disposto no Decreto 89/2013 , do 13 de xuño) son de 137 euros para un curso completo de Grao elemental e 232 euros para o de grao profesional; nas Pontes o custe ascende a 430€, no Carballiño entre 685 e 856€ ou en Vilalba entre 396 e 514€.

Desde o BNG cremos que as ensinanzas musicais constitúen unha área de coñecemento fundamental para o desenvolvemento humano polo que o acceso a elas supón un dereito que debe ser garantido en condicións de igualdade para todas as persoas, independentemente do seu lugar de residencia. E neste senso, consideramos que debe ser a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias, quen debe asumir a súa xestión.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Canto alumnado estuda nos conservatorios de música municipais? Canto nos dependentes da Xunta de Galiza?
- Cantos fondos destinou a Consellaría de Educación, Cultura e O.U. desde 2009 ao apoio económico dos conservatorios municipais?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16710
Data envío: 18/09/2017 12:34:35.565

- Como valora as diferenzas nos prezos deste servizo, quer entre concellos, quer a respecto dos Conservatorios xestionados directamente pola Xunta?

- Pensa o Goberno galego asumir na súa totalidade as competencias en materia de ensinanzas musicais regradas?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2017 12:33:17

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 12:33:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16710
Data envío: 18/09/2017 12:34:35.565

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 12:33:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/09/2017 12:33:24

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 12:33:25

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2017 12:33:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Adxudicados os contratos de transporte da denominada “Primeira Fase” do Plan de Transporte Público de Galiza, xeneralízanse as disfuncións en todo o País. Entre os problemas do desenvolvemento do novo Plan atópanse empeoramento dos horarios nas liñas de bus do sur de Lugo –concretamente en liñas de Quiroga, Chantada, O Saviñao e Ferreira de Pantón- e falta de información sobre horarios por parte das empresas concesionarias.

Veciñanza de Chantada ten presentado un escrito –o 11 de setembro de 2017- no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia –avalado por 269 sinaturas- denunciando a redución do servizo de bus Chantada-Santiago e Santiago-Chantada, reducindo as posibilidades de facer uso do transporte colectivo de viaxeiros e reducindo gravemente as posibilidades de conciliación familiar.

A veciñanza afectada explica, a respecto da liña Chantada–Santiago de Compostela, que moitos usuarios empregabamos a liña os domingos ás 20.45 h, co fin de aproveitar a fin de semana nos nosos fogares. Algúns de nós temos familiares ao noso cargo, de modo que este horario nos permitía estar máis pendentes deles ou ter polo menos unha alternativa horaria. Coa redución proposta, unicamente nos queda unha posibilidade para facer ese desprazamento



ás 19.05 h, polo que dubidamos de que esta sexa a mellor opción para potenciar e poñer en valor o medio rural.”

No que se refire ás viaxes Chantada - Santiago de Compostela durante a semana a única alternativa é saír ás 8.25 h, non estando garantido o enlace que estaba vixente durante a tarde e que consistía en coller unha liña ás 19.05 h en Chantada deica Lalín e na estación desta vila cambiar para outro autobús que realizaba o itinerario Lalín – Santiago de Compostela. A pesar de que ambos os dous autobuses seguen mantendo as rutas citadas, dende a empresa de transporte MONBÚS S.L. os traballadores comentáronnos que os viaxeiros chantadinos non poderán realizar o cambio de vehículo, xa que posiblemente algún día a chegada a Lalín se demore e o outro autobús non espere”.

Por outra parte, denuncian a redución de horarios da liña Santiago – Chantada na fin de semana, explicando que “permitíase nos partir de Santiago de Compostela a Chantada os venres ás 18.00 ou ás 20.00 h. Agora unicamente podemos iniciar o noso desprazamento ás 15.00 h. Comprenderá o sensible desta situación: algunhas de nós somos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela que precisamos do horario de tarde para poder cursar de forma completa os nosos estudos de grao ou mestrado e volver aos nosos fogares para pasar as fins de semana coas nosas familias.”

Finalmente, reclaman que, canto menos, se conserve a liña Santiago – Chantada das 20 h do venres, “ xa que proporciona un servizo indispensable para a comunidade universitaria chantadina, á vez que se favorece o acceso de máis persoas ao ensino superior e se axuda aos veciños da vila que teñen que desprazarse á capital da nosa Comunidade por motivos laborais.”



Por outra parte, veciñanza dos Concellos de Chantada, Pantón e do Saviñao denuncian a supresión de conexións co Hospital de Monforte. Isto supón o aumento dos gastos de transporte para unha poboación moi avellentada e con pensións baixas, pois non ter liña de bus obriga a coller un taxi a quen non ten alternativa de transporte privado.

Ademais, en Quiroga suprimíronse viaxes a Monforte: se antes había dúas ao día, agora queda nunha soa durante a semana e, ademais, a fin de semana quedou sen cubrir. Esta conexión de Quiroga con Monforte é fundamental, non só para desprazarse a esta cidade, senón tamén para conectar alí con liñas que van a outras cidades galegas.

Cómpre lembrar que xa se tiñan anuladas a liñas entre Folgoso e Quiroga e a de Pedrafita e Quiroga.

Apostar polo rural é manter servizos, non recortalos. Neste caso, o recorte afecta gravemente ás posibilidades de conciliación da vida laboral/estudiantil e familiar das xentes do sur de Lugo. Hai que ter en conta que os concellos da zona non se activaron por completo durante o período de alegacións ao Plan para esixir melloras para a veciñanza.

Como xa denunciáramos dende En Marea, a chamada “primeira fase” do plan fíxose sen diálogo coa sociedade civil directamente afectada e de xeito improvisado, en lugar de elaborar un plan serio e a longo prazo que adapte o transporte de viaxeiros/as por estrada ás necesidades da poboación.

A sentenza do Tribunal Supremo en marzo de 2016 que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada ao considerar que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se aproba o Plano



de Modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galiza incumpriía o Regulamento 1370/2007, provocou a necesidade de elaborar unha lei de xeito urxente (Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia).

A Xunta acometeu improvisadamente o que denomina “Primeira Fase” do Plan de Transporte Público de Galicia e a partir de 2019 debe ter implantado o plan definitivo, co cal dende En Marea instamos a comezar xa un diálogo social que permita establecer a mobilidade de viaxeiros/as por estrada adecuada ao noso País e que, particularmente, cubra as necesidades da poboación das comarcas do sur de Lugo.

O 11 de setembro de 2017, o Pleno do Concello de Chantada aproba por unanimidade unha moción do grupo municipal Por Chantada-CUP, na que se insta ao Goberno Municipal a remitir á Xunta a moción “instándoa a atender as demandas cidadás, así como as alegacións formuladas desde a comarca de Chantada, para mellorar as conexións – especialmente con Compostela pola universidade e Lemos polo hospital comarcal- ao tempo que se estudan medidas para implementar o transporte baixo demanda con taxis de 9 prazas para a conectividade intracomarcal”.

O 13 de setembro, logo de facérense públicas as reivindicacións cidadás, a Xunta anuncia, a través da súa Delegación Territorial de Lugo, que está en estudo unha volta aos horarios anteriores á entrada en vigor do Plan de Transporte, especialmente no tocante aos horarios da fin de semana da liña Chantada-Santiago - non tendo as persoas asinantes do escrito de protesta referido arriba ningunha constatación oficial –; e usuarios da zona saben pola empresa



concesionaria que habrá bus a Monforte, con ida e volta, pola mañá dende os concellos de Saviñao e Pantón, a partir do día 18 de setembro.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, ten como finalidade teórica “facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económica-financeira e medioambiental.”

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1 - Ten previsto a Xunta desenvolver o Plan de Transporte Público de Galicia tendo en conta as necesidades de mobilidade da veciñanza do sur de Lugo?
- 2 - Que melloras vai aplicar a Xunta para mellorar a conexión da cidadanía do sur lucense co hospital de Monforte de Lemos?
- 3 - Vai a Xunta solicitar aos Concellos das comarcas do sur de Lugo informes completos sobre os horarios e liñas demandadas por persoas usuarias e asociacións, a través de procesos participativos?
- 4 - Vai a Xunta estudar de xeito serio as posibilidades de transporte baixo demanda na zona sur da provincia de Lugo e impulsar esta modalidade antes de 2020, cubrindo as zonas que actualmente non teñen transporte público?
- 5 - Vai a Xunta ter en conta a moción aprobada por unanimidade do Concello de Chantada o 11 de setembro de 2017?



6 - Que medidas ten previsto a Xunta de Galicia para garantir a mobilidade na comarca de Quiroga e O Courel?

7 - Vaise artellar algunha solución de complementariedade das rutas de autobús co ferrocarril nas comarcas de Lemos e Quiroga-Courel?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2017 13:04:53

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 13:05:00

Marcos Cal Ogando na data 18/09/2017 13:05:06

Antón Sánchez García na data 18/09/2017 13:05:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita, relativa ao grado de execución orzamentaria das partidas correspondentes ao ticket eléctrico e as axudas urxentes para evitar os cortes de luz e gas.**

No exercicio 2016 os orzamentos da Xunta de Galicia incluían dous epígrafes para tratar de paliar os efectos da Pobreza Enerxética: O ticket eléctrico, destinado a axudar ás familias ao pago das facturas de luz, e as axudas urxentes de tipo social para evitar cortes de luz e gas como consecuencia de recibos impagados. Dotándoos respectivamente con 2,1 M€ e 600.000 €.

As ordes respectivas estimaban en 40.000 os fogares afectados por pobreza enerxética severa en Galicia, cando varios observatorios sobre pobreza enerxética situábanos en máis de 80.000.

Pero, sorprendentemente, as solicitudes só foron 2.200 para o ticket eléctrico e 1.000 para as axudas urxentes.

Nun Pleno do Parlamento o Conselleiro de Economía e Industria alegou que se concederon todas, pero que lamentablemente non se solicitaron máis polo que sobraron en total 2,2 M€ que foron destinados entre outras cousas a iluminar a Cidade da Cultura.

Recoñeceu que o problema podería estar na xestión e as condicións das axudas que serían revisadas para ampliar substancialmente a cobertura.

Unha vez revisadas as convocatorias para 2017 obsérvase que non se cambiaron



en absoluto as condicións nin o sistema de xestión e de presentación das mesmas, limitándose a un corta e pega das convocatorias de 2016, iso si cunha redución do importe total previsto para os dous programas do 56%.

En resumo, ante un problema tan grave e intolerable, a Consellería de Industria non dedicou nin un minuto a analizar os problemas que impedían o acceso maioritario dos fogares en risco severo de pobreza ás axudas e limitouse a recortar o orzamento co que estaban dotadas.

Os problemas de tramitación son moi elocuentes e empezan pola obrigatoriedade de presentación electrónica, a fogares que non teñen luz ou que non poden pagala, ou a condición de ter todos os recibos anteriores pagos para poder acceder ao ticket eléctrico.

Ademais destes hai moitos outros impedimentos e erros tanto de condicións como de tramitación. Dado que a Consellería de Industria non ten a motivación nin a sensibilidade para dedicar tempo a solucionalo, En Marea presentará en breve unha proposta completa para modificar as dúas convocatorias de axudas para que poidan ser aplicadas en 2018.

Consideramos que isto é unha mero parche e que habería que dispor en Galicia dunha completa Lei contra a pobreza enerxética que definise claramente o que é un consumidor vulnerable e as accións necesarias para erradicar esta secuela inaceptable.

Dado que o prazo para solicitar o ticket eléctrico en 2017 rematou o pasado 17 de xullo e que as axudas urxentes para evitar os cortes xa levan 9 meses en vigor,

En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Cal é o grao de execución actual de ambos tipos de axudas, tanto no número de solicitudes aprobadas como no importe total adxudicado?



Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2017 13:21:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa a comisión de seguimento da praga da Couza Guatemalteca.

Recentemente coñecíamos a opinión da Comisión Europea ante as medidas adoptadas polo goberno do Estado e pola Xunta de Galicia ante o avance da praga da couza guatemalteca.

Afirmábase que "os resultados da inspección poñen de manifesto que as medidas adoptadas dificilmente lograrán erradicar a praga, pero servirán para conter efectivamente a súa propagación natural".

Cremos que é o momento para avaliar e reflexionar de novo sobre o impacto real das medidas adoptadas para erradicar a praga.

Baixo o noso punto de vista, a comisión de seguimento tería que terse constituído inmediatamente despois da súa aprobación no Parlamento de Galicia, xa que a situación require de respostas o máis áxiles e coordinadas posibles.

Preocúpanos que dende o 2 de marzo, que é cando se aproba por unanimidade no Parlamento galego a creación dunha comisión técnica de seguimento da praga da Couza Guatemalteca, non se teña convocado este órgano ata o 30 de xuño.



Ademais, consideramos que esta comisión de seguimento adoece da falta de representación de organizacións coma os sindicatos agrarios e a falta de transparencia ao non informar os grupos parlamentares das medidas alí adoptadas e dos datos ofrecidos, tal e como se acordou na comisión 7ª do Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- 1) Que valoración fai a Consellería de Medio Rural da opinión manifestada pola Comisión Europea?
- 2) A Consellería contempla prazos orientativos para a erradicación desta praga?
- 3) A que se debe o retraso da convocatoria da comisión de seguimento?
- 4) Cal é o motivo polo que non se lle informa aos grupos parlamentares dos datos expostos e das medidas adoptadas?
- 4) Que avances e conclusións levou a cabo esta comisión?

Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 18/09/2017 13:39:34

Paula Quinteiro Araújo na data 18/09/2017 13:39:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, relativa a resolución dos contratos de obra de prevención de incendios publicada no DOG do 18 de setembro.

Con data 18 de setembro publicouse no DOG unha resolución (do 6 de setembro de 2017), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a formalización de dez contratos mixtos de obras de prevención de incendios e servizo de retén de maquinaria pesada para a extinción de incendios forestais, cofinanciados parcialmente no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 con fondos Feader.

Segundo o DOG a entidade adjudicadora é a Consellería do Medio Rural, polo que propón un contrato administrativo mixto de obras e servizos para a realización de traballos preventivos, mediante a mellora de devasas e pistas forestais, contra os incendios forestais no distritos forestais indicados na táboa, e posta en funcionamento dun retén de maquinaria pesada de extinción para a loita contra os incendios forestais en dez distritos forestais de Galicia.

No tocante o financiamento, o importe dos servizos de retén está financiado con fondos propios da Consellería do Medio Rural, namentres que o importe dos traballos preventivos está cofinanciado ao 75 % con fondos Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (medida 8, investimentos no desenvolvemento das



zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques) e nun 25 % con fondos propios da Consellería do Medio Rural.

A prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais.

Defínese como o conxunto de accións encamiñadas a eliminar os riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación.

O Plan de Prevención da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural inclúe a regulación do uso do lume, as accións sociolóxicas e de educación ambiental, os sistemas de alerta preventiva, a silvicultura preventiva, a creación e mellora de infraestruturas de defensa e accións de mellora da xestión forestal e das súas producións, que redunden nun incremento do valor do monte.

O obxectivo do Plan de Prevención é levar a cabo accións tendentes a evitar que o lume se produza, e en caso de producirse, minimizar os danos causados pola súa propagación.

Para acadar os obxectivos o Plan de Prevención estrutúrase, segundo o Pladiga, a través de accións dirixidas á poboación e de accións dirixidas ao territorio.

Tendo en conta o exposto anteriormente, dende En Marea formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o motivo polo que estes contratos non se fixeron na primavera, antes da tempada de alto risco de incendio?
- 2.- Que van a facer os reténs de maquinaria pesada para extinción de incendios forestais cando xa pasou o groso dos incendios forestais?



3.- Non cree a súa consellería que unha inversión en prevención de 1.805.733,19€ houbera sido moito máis eficaz de realizala antes do comezo do verán?

Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2017 18:37:24

Paula Quinteiro Araújo na data 18/09/2017 18:37:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á baixada de centros e alumnos e alumnas que deixaron de recibir actividades formativas e educativas sobre os incendios forestais.

A prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais.

Defínese como o conxunto de accións encamiñadas a eliminar os riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación.

O Plan de prevención da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural inclúe a regulación do uso do lume, as accións sociolóxicas e de educación ambiental, os sistemas de alerta preventiva, a silvicultura preventiva, a creación e mellora de infraestruturas de defensa e accións de mellora da xestión forestal e das súas producións, que redunden nun incremento do valor do monte.

O obxectivo do Plan de prevención é levar a cabo accións tendentes a evitar que o lume se produza, e en caso de producirse, minimizar os danos causados pola súa propagación.

Para acadar os obxectivos o Plan de prevención estrutúrase a través de accións dirixidas á poboación e de accións dirixidas ao territorio.



O propio PLADIGA, no punto 6.3. (accións dirixidas á poboación) di que estas accións levaranse a cabo a través de accións sociolóxicas e de educación ambiental.

No punto 6.3.2. (accións sociolóxicas e de educación ambiental) di que se realizarán actividades formativas e educativas, principalmente nos ámbitos escolar e rural, resaltando os valores naturais, sociais e económicos dos nosos montes e o seu carácter fundamental de recurso endóxico de Galicia.

No Pladiga 2017, podemos observar como baixaron o número de charlas impartidas nos centros de formación durante o ano 2016 respecto ao ano 2015 chegando a preto de 2000 nenos e nenas menos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Cal é a causa de que baixara o número de alumnas e alumnos que recibían estas charlas informativas durante o ano pasado respecto a 2015?

Santiago de Compostela a 18 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2017 18:36:33

Paula Quinteiro Araújo na data 18/09/2017 18:36:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 10:50
Nº Rexistro: 16858
Data envío: 19/09/2017 10:50:03.763

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a demora nas obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao en Vigo.

A demora nas obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao (no barrio de Navia) imposibilitaron o inicio do curso o pasado luns 11 de setembro nas debidas condicións de seguridade e hixiene para o alumnado e profesorado do citado centro.

As familias levan semanas advertindo a través da ANPA á Xefatura Territorial de Educación de que de non se tomar medidas non ía ser posíbel iniciar o curso con plenas garantías de salubridade e seguranza para o alumnado. Neste sentido, é de lamentar o enorme prexuízo provocado pola falla de rigor e capacidade de resposta da Xunta.

A xunta directiva da ANPA deste centro está denunciando que as estruturas exteriores dificultan o tránsito de persoas, as aulas están completamente inutilizadas pola cantidade de pó en suspensión procedente do reforzo de piares e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 10:50
Nº Rexistro: 16858
Data envío: 19/09/2017 10:50:03.763

outras medidas. Ademais, na zonas acoutadas estanse empregando produtos para a colocación de elementos cuxo cheiro se suma á toxicidade do ambiente.

Todo isto supón un elevado risco para o alumnado, especialmente se padece problemas respiratorios. Por último, aínda non remataron as obras con guindastre, que sobrevoa con carga o espazo aéreo do patio exterior e o panel que cubrirá o teito aínda non se ten fixado.

No BNG entendemos que, ademais de impedir o inicio normal do curso, o estado das obras e a falla de limpeza provocou que tampouco se puxera en marcha o servizo de aulas matinais nin de comedor, co impacto que iso ten na organización das familias e na conciliación laboral. Desde o BNG urximos que se adopten solucións definitivas que poñan fin aos temores fundados das familias.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a razón de que as obras de ampliación no CEIP Alfonso Daniel R. Castelao (no barrio de Navia) se demorasen e coincidisen co comezo do curso, provocando molestias e incomodidades no normal desenvolvemento da actividade lectiva e dos servizos complementarios?

2. Que medidas se pensa adoptar para evitar que as obras se realicen en horario lectivo e durante os servizos complementarios?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 10:50
Nº Rexistro: 16858
Data envío: 19/09/2017 10:50:03.763

3. Como se pensa garantir a seguridade e hixiene no centro durante a duración das obras?

4. Que previsións ten o goberno galego para o remate das citadas obras?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 10:49:22

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 10:49:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 10:50
Nº Rexistro: 16858
Data envío: 19/09/2017 10:50:03.763

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 10:49:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 10:49:34

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 10:49:35

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 10:49:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo *Tecia solanivora* Povolny, foi detectada en Galicia en agosto de 2015.

Por medio da Resolución de 16 de outubro do mesmo ano, publicada no DOG de 3 de novembro declarouse a presenza da praga e establecéronse as zonas demarcadas e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

En febreiro de 2016, a través dunha nova Resolución, actualizáronse as zonas afectadas e finalmente o 2 de febreiro deste ano en curso publícase outra nova Resolución que amplía as zonas do territorio que se encontran afectadas pola xa citada couza guatemalteca.

O caso é que mercede á inacción e incompetencia do goberno galego, a praga esténdese pasando de tres a trinta e un municipios afectados en pouco máis dun ano.

A estas alturas, e non sabemos se debidamente silenciados, os medios de comunicación non consignan ningunha incidencia, vaia que coma se a avelaíña tivese desaparecido do País coma por arte de maxia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A colleita está case rematada, o trampeo coidamos que está activo, a prohibición de cultivo, en zonas afectadas oficialmente, cremos sigue vixente e pouco máis.

Todo parece indicar que é un excelente ano en cantidade e calidade e que nada novo ten acontecido.

O traslado e destrución da pataca levantada en zonas afectadas debeu ser feito dentro das directrices marcadas pola Consellería e dentro das estritas normas de sanidade e seguridade que se nos comunicaron presencialmente nesta Comisión por representantes autorizados da Consellería.

Pero todo xira en torno ó hipotético *...debeu ser... tal vez... se cadra...* pese ó compromiso formal adoptado por unanimidade nesta Comisión 7ª no pasado mes de marzo. Acordo precipitado case forzado por un PP que parecía necesitado do mesmo con urxencia.

Este acordo que levantou expectativas de que a Consellería tomaba en serio o problema da couza e ía ser transparente nas medidas e no seguimento converteuse nunha espera que cheira a fraude e propaganda. Cheira a medida encamiñada a neutraliza-las esixencias e as críticas da oposición á desastrosa xestión do problema que nun ano e pouco (certamente electoral a tope) fixo que pasásemos de dous concellos afectados a 31 e pico.

Nestes momentos desde o BNG estamos en disposición de afirmar que esta Comisión 7ª é un despilfarro de diñeiro e de esforzos por parte dos seus integrantes pois os seus acordos non se cumpren.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 11:41
Nº Rexistro: 16869
Data envío: 19/09/2017 11:41:20.466

-Existe a Comisión de Seguimento da Couza da Pataca?

-Cal é a razón pola que non informou debidamente a esta Comisión, ós grupos parlamentarios nin ás organizacións sindicais tal e como reza o acordo tomado en sede Parlamentaria o 2 de marzo pasado?

-Cales foron as medidas adoptadas pola Consellería de Medio Rural a respecto da praga da couza da pataca?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 11:35:23

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 11:35:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 11:41
Nº Rexistro: 16869
Data envío: 19/09/2017 11:41:20.466

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 11:35:31

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 11:35:32

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 11:35:34

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 11:35:35

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada **Paula Vázquez Verao** e os deputados **Francisco Casal Vidal, Juan Juan José Merlo Lorenzo, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Explotaciones Gallegas, titular dos dereitos de explotación das antigas minas de cobre ubicadas nos municipios do Pino e Touro, explotadas entre 1973 e 1986, pretende retomar esta actividade no xacemento que na actualidade explota como canteira de áridos. Actualmente a empresa pretende reiniciar a explotación na zona cun megaproxecto en parceria con Atalaya Mining.

Atalaya Mining, empresa titular da mina de Riotinto, é unha produtora de cobre que ten os seus principais activos na zona de Río Tinto, en Huelva, que é coñecida como unha das zonas máis devastadas do planeta polo efecto das drenaxes ácidas de mina, asociadas aos procesos de oxidación da piritita e lixiviación de metais pesados.

Explotaciones Gallegas foi expedientada ao menos en dúas ocasións, en 2006 e 2007, pola Consellería de Medio Ambiente por depositar residuos non autorizados que contaminaron as augas subterráneas da zona e chegan ao canle do Ulla. En 2013, a oficina da Defensora del Pueblo de Soledad Becerril abriu unha investigación nesta zona mineira a raíz dunha denuncia da plataforma Salvemos Cabana en relación ás verteduras de sulfuros metálicos que alcanzaban a afluentes do Río Ulla.

Atalaya Riotinto tras explotar durante anos o cobre abandonou á intemperie vertedoiros e cortas suxeitas a meteorización ambiental o que derivou na



formación de augas e solos hiperácidos e hiperoxidantes, contaminando os recursos hídricos da zona con compostos potencialmente perigosos para a saúde. Actualmente, os ríos Tinto e Odiel, na zona mineira do cobre de Huelva, supoñen o 15% do cobre e o 47% do cinc aportado polo conxunto dos ríos do planeta aos mares e océanos.

O alto grado de contaminación ao que xa están expostas as poboacións do Pino e Touro mesmo queda en evidencia no documento “Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Touro”, que di textualmente: “O parque empresarial aséntase sobre parte das terras mineiras que foron explotadas pola empresa Minas de Río Tinto, a cal finalizou a súa actividade en 1967, deixando en Touro unha paraxe gravemente contaminada que foi preocupación de todos os habitantes da comarca”.

A pesar de todo o exposto, por Resolución do 18 de agosto de 2017 someteuse a información pública a actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

Non obstante, sorprende que no voluminoso proxecto non se inclúa nin a primeira referencia ao problema das drenaxes ácidas de mina, unha das principais afeccións dunha explotación destas características. Non se inclúe un proxecto de tratamento desas augas ácidas, con altas disolucións de metais pesados, nin se fai unha caracterización do estado actual do medio receptor. Este feito parece suxerir que a concesionaria nin toma en serio nin pretende facer un investimento no tratamento das augas acorde cos lucros que manifesta que irá conseguirá con este megaproxecto mineiro.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

1. Téñense emitido desde algúns dos departamentos consultados informes positivos relativos ao novo megaproxecto minero de Touro?
2. Como é posíbel que desde ningún departamento da Xunta se detectase a omisión do problema das drenaxes ácidas de mina nos referidos proxectos? Non invalida esta omisión intencional a viabilidade ambiental do proxecto?
3. No ano 2005, a Xunta recoñecía que tan só o 22% da auga superficial cumpría os obxectivos medioambientais da Directiva Marco. Cal é esa porcentaxe agora? Dispón a Xunta de analíticas do medio receptor onde se irán efectuar as verteduras deste megaproxecto mineiro a ceo aberto?
4. Considera a Xunta compatible a mellora da calidade das augas superficiais e subterráneas coa actividade mineira do cobre cando esta non contempla o problema de xeración de drenaxes ácidas de mina e o seu tratamento?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2017 13:18:30

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2017 13:18:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 19/09/2017 13:18:55

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2017 13:19:13

Antón Sánchez García na data 19/09/2017 13:19:20

Luis Villares Naveira na data 19/09/2017 13:19:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 19/09/2017 13:32:31.013

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nesta fin de semana producíronse dous atropelos de ciclistas na PO 308, estrada que comunica Pontevedra co Grove. Nos sinistros, que tiveron lugar en Poio e Portonovo, os ciclistas resultaron feridos de diversa consideración.

Con estes atropelos do pasado día 16, a estrada autonómica PO 308 vai camiño de alcanzar o triste récord de ser un dos viais máis perigosos de toda Galiza. O pasado mes de abril falecía un ciclista no lugar de Covelo (Samieira) atropelado por un vehículo, e no pasado ano 2014 unha veciña de Raxó morría atropelada diante da súa casa. No sinistro historial desta estrada contabílzanse máis de 10 mortes na última década.

Nos últimos tempos multiplicáronse as voces que reclaman unha actuación integral de mellora da seguranza viaria e a accesibilidade nesta vía, coa dotación de beirarrúas, medidas de calmado do tráfico, mellora da mobilidade peonil e ciclista, etc.

En resposta a estas demandas, a Xunta de Galiza está a tramitar algunha actuación parcial, como a das sendas verdes, que son parches que non resolven o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 19/09/2017 13:32:31.013

problema de fondo, que é o da concepción da estrada, que segue a estar deseñada e pensada en función da mobilidade motorizada e ten unhas condicións moi hostís para as formas de mobilidade natural como andar en bicicleta ou camiñar.

Cómpre ter en conta que a estrada discorre por unha área densamente poboada e atravesa numerosos núcleos de poboación. Mais o tratamento non é o dunha vía urbanizada senón unha estrada de paso.

Medidas como a das sendas verdes de uso peonil e ciclista proxectadas pola Xunta de Galiza, aínda que supoñen unha mellora para a mobilidade peonil en paralelo á estrada, non resolven dúas das principais necesidades: a peonil de cruzar a estrada sen perigo; e a ciclista de transitar por unha vía segura.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a sinistralidade da estrada autonómica PO 308 e a elevada cifra de atropelos a peóns e ciclistas?
2. Considera a Xunta de Galiza que esta estrada ten unhas axeitadas condicións de segurana viaria, especialmente no referente á mobilidade peonil e ciclista?
3. Pensa o goberno galego adoptar medidas de calmado do tráfico nesta estrada?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 19/09/2017 13:32:31.013

4. Prevé a Xunta de Galiza realizar unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da accesibilidade e da mobilidade peonil e ciclista na PO 308?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 13:30:07

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 13:30:13

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 13:30:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 13:30:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 19/09/2017 13:32:31.013

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 13:30:17

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 13:30:19

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2005, cando o señor López Veiga, conselleiro de Pesca, naquel momento, mercou por 27 millóns de euros dúas aeronaves, o Pesca 1 e o Pesca 2, con bases en Vigo e Celeiro respectivamente.

No ano 2012, estas dúas aeronaves vendéronse por 13 millóns de euros, un valor moi por debaixo do prezo de adquisición. Desta maneira deixouse en mans de INAER GALICIA, S.L. o funcionamento do servizo de gardacostas. Vendéronse, a pesar de que se tiñan comprado coa finalidade de que tivesen a titularidade pública que non tiñan as anteriores. E coa mesma empresa, á cal se lles venderan as aeronaves, contratouse posteriormente o servizo de gardacostas.

A operación foi criticada, de acordo co Consello de Contas, que indicou que non se fixo ningún estudo sobre a repercusión da venda dos helicópteros. Omitíronse os procedementos legalmente establecidos e que ademais, se tiña feito cun trámite excepcional, en lugar de seguir os procedementos legais establecidos.

En novembro deste ano, rematará o contrato en vigor, e para iso, a Consellería do Mar, lanzou un concurso no mes de abril, cun custe máximo de 6,5 millóns anuais. Só se presentou unha empresa, non era INAER. Segundo a Xunta, non cumpría os requisitos esixidos, así que, o concurso foi declarado deserto. Ante esta situación, o Goberno convocou outra licitación, con custe superior, 8,5 millóns de euros anuais. Para iso, previamente fixo unha consulta ao mercado sobre os custes do servizo.

A única candidata, INAER, non ofreceu nin un euro menos ao importe máximo ofrecido polo Goberno, nin unha hora máis, na prestación. O tempo finalmente, remata dando a razón ao Grupo Parlamentario Socialista que sempre criticou que coa consulta se estaba a facer un traxe a medida a unha empresa que se viu beneficiada pola xestión incompetente da Consellería do Mar.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto a que INAER se presente á licitación ofrecendo exactamente o importe máximo que a Consellería do Mar está disposta a pagar polo servizo de gardacostas?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto á xestión, que supón un incremento de custe do servizo de gardacostas, que ten a súa orixe na venda das aeronaves no ano 2012?

3ª) Cales son as partidas que xustifican o custe do servizo, así como o incremento do custe do servizo de gardacostas?

4ª) Tense calculado por parte do Goberno o sobrecuste que supuxo ás arcas públicas a venda das aeronaves e a subcontratación do custe á empresa á que se lle venderon?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/09/2017 13:42:22

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2017 13:42:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16891
Data envío: 19/09/2017 13:48:37.910

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Os pasados días a Xunta de Galiza fixo pública a proposta dunha sanción á familia Franco polo incumprimento da obriga de abrir do BIC Torres de Meirás. Máis alá da avaliación do ritmo de tramitación do expediente e da contía da sanción proposta, que este grupo parlamentario non comparte, é preciso que a Xunta de Galiza informe sobre os expedientes tramitados e outras relacións coa familia e a Fundación Franco.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cantos expedientes informativos se abriron á familia propietaria das Torres de Meirás en relación coa obriga de abrir este BIC ao público? Cando e por que se abriron estes expedientes e cando se concluíron?

2. Cantos expedientes sancionadores se abriron á familia propietaria das Torres de Meirás en relación coa obriga de abrir este BIC ao público? Cando e por que se abriron estes expedientes e cal é o estado de tramitación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16891
Data envío: 19/09/2017 13:48:37.910

3. Mantivo a Xunta de Galiza conversas ou relación por escrito coa familia e a Fundación Franco a respecto da xestión por esta fundación das visitas ao Pazo/Torres de Meirás? En caso afirmativo, cando se produciron e cal foi o contido das mesmas?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 13:46:32

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 13:46:37

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 13:46:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 13:46:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16891
Data envío: 19/09/2017 13:48:37.910

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 13:46:41

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 13:46:42

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Segundo se ten constatado dende que o alumnado de educación infantil e primaria iniciase o curso o pasado día 11 de setembro, no CPI da Cañiza existe un serio problema que impide o normal funcionamento do servizo de comedor, debido a unha praga de ratas.

Esta situación foi coñecida xa durante os meses de verán e pese a que dende o Concello da Cañiza se dou traslado da situación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, nada se fixo ata o mes de setembro, xa a piques de iniciar o curso. Todo apunta a que as medidas adoptadas tan tardiamente, non resultaron eficaces, sendo necesario aplicar outras máis agresivas.

Tamén resulta inadmisibile que o Concello se vise obrigado a poñer en coñecemento das autoridades sanitarias a situación que se estaba a dar, ante a falta de resposta dos responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O certo é que, no mellor dos casos, o comedor escolar comezará a funcionar con dúas semanas de atraso afectando a preto de cincocentos alumnos e alumnas, e causando serios trastornos ás súas familias.

O ocorrido é un síntoma da desidia demostrada polos responsables educativos da provincia de Pontevedra ante un servizo esencial como é o comedor escolar e que precisa dun coidado adicional relacionado coas condicións sanitarias. Isto pon en evidencia o que permanentemente se nos di sobre a prioridade deste servizo por parte do Goberno non é tal en realidade.

Ante a situación exposta o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da actuación dos responsables da Xefatura Territorial de Pontevedra ante a situación exposta?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Considera aceptable que nun almacén dun comedor escolar non exista un control permanente deste tipo de pragas e, en xeral, das condicións sanitarias esixibles?

3ª) Pensa adoptar algún tipo de medida para delimitar as responsabilidades existentes ante este feito?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 19/09/2017 13:47:52

Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 19/09/2017 13:48:04

Patricia Vil3n Lorenzo na data 19/09/2017 13:48:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao CIM de Mos.

No mes de maio púxose en funcionamento o Centro de Información á muller (CIM) de Mos. Un recurso moi necesario para o traballo a prol da igualdade. A apertura deste recurso é moi positivo, pois mellorará a atención no relativo a atención psicolóxica e xurídica ás mulleres de Mos e da contorna.

Pero poden constatarase una serie de deficiencias polo que sería preciso volver a avaliar se o espazo é o máis axeitado.

Un centro de estas características debería estar adaptado por completo para mulleres de elevada idade ou con diversidade funcional.

O acceso consta de unha gran pendente que ademais carece do dobre pasamáns normativo, o que dificulta o acceso para calquera persoa con limitacións na mobilidade.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- 1). Que valoración fai a Xunta de Galicia do edificio destinado ao Cim de Mos?
- 2). Asegurose a Xunta de Galicia de que a rampla de acceso cumpre a normativa?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.



Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2017 13:38:22



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as prazas docentes vacantes nos IES As Mariñas e IES Francisco Aguiar.

Un ano máis, o curso escolar comeza con recortes no ensino público.

Alén das modificacións introducidas sen diálogo por parte da Consellaría de Educación no mapa de centros escolares ao remate do curso 2016/2017, téñense pechado 6 unidades e 9 postos de traballo nos CRA, xunto con 58 unidades e 91 postos de traballo en Centros de Educación Infantil e Primaria, de acordo co disposto na Orde do 6 de xullo de 2017 pola que se modifican as unidades e profesorado dos centros de ensino dependentes da Xunta de Galiza.

En Secundaria e Bacharelato a política da Consellaría de Educación pasa por non cubrir a totalidade de prazas vacantes nos cadros docentes, sexan produto de xubilacións ou a causa de permisos, licenzas, comisións de servizos, etc; ao que hai que engadir as elevadas cifras de interinidade, provisionalidade e itinerancia que marcan as condicións de traballo do profesorado no noso país.

En paralelo, o Goberno galego continúa transferindo fondos públicos á escola privado-concertada a través da blindaxe dos concertos educativos, incluídos aqueles dirixidos a escolas que segregan o alumnado por sexos, que contarán con recursos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:56
Nº Rexistro: 16900
Data envío: 19/09/2017 13:56:48.749

económicos até 2023, de acordo coa Orde publicada en abril de 2017 a Xunta de Galiza. Con esta decisión o Partido Popular resérvalle 1.550 millóns de euros públicos dos Orzamentos á escola privado-concertada para os vindeiros seis anos.

Entre os centros atinxidos pola política de recortes practicada polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza atópanse os dous institutos públicos da comarca das Mariñas nos que a Consellaría de Educación decidiu deixar sen cubrir cadansúas dúas prazas docentes vacantes.

No IES As Mariñas, cunha matrícula que ten medrado considerabelmente e que aínda está aberta, superan xa as 700 matrículas e contan só con 71 docentes, logo de que a Xunta se negue a cubrir dúas das prazas vacantes. Trátase de prazas con horario lectivo completo, o que fai que este retallamento afecte á totalidade do alumnado do centro, sexa da ESA, da ESO ou de ciclos formativos.

Esta situación está a afectar o alumnado ao non recibir aulas nas materias correspondentes posto que o actual cadro de persoal só pode cubrir con gardas estes ocos.

Da mesma maneira, no IES Francisco Aguiar o Goberno galego conta manter outras dúas prazas vacantes sen cubrir, incidindo do mesmo xeito na calidade da docencia que recibe o alumnado deste centro, e por extensión, da comarca.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Por que razón o Goberno galego non cubre as prazas vacantes existentes nos IES As Mariñas e IES Francisco Aguiar?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:56
Nº Rexistro: 16900
Data envío: 19/09/2017 13:56:48.749

-Está a re-producirse esta situación noutros centros do país? De ser así, en cales?

-Cren que con esta política pode garantirse un ensino de calidade nestes centros públicos?

-Pensa adoptar algunha medida a Consellaría de Educación para cubrir as vacantes ou, pola contra, deixará o alumnado sen docencia nalgunhas das materias durante o curso 2017/2018?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 13:56:21

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 13:56:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:56
Nº Rexistro: 16900
Data envío: 19/09/2017 13:56:48.749

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 13:56:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 13:56:34

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 13:56:35

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 13:56:37

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O conselleiro de Sanidade fixo a presentación da Estratexia Sergas 2020, que contempla os obxectivos e os eixes estratéxicos da dita Consellería de cara ao 2020.

Nesta estratexia establécese como Obxectivo 1 a mellora da saúde da cidadanía, e como Misión 2020 mellorar a saúde da cidadanía a través da prestación de servizos sanitarios asistenciais efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa e sostible e garantir os dereitos e deberes dos pacientes.

A estratexia presenta 20 liñas estratéxicas, que se desenvolven no punto 6.1 Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores, e entre as que queremos destacar:

Liña estratéxica 1. Desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral.

Posta en valor da Atención Primaria na Comunidade: Fomento da participación dos profesionais sanitarios nas intervencións comunitarias e reforzo da formación específica para coñecer como se realizan as accións comunitarias e como se colabora con outros profesionais non sanitarios.

Liña estratéxica 2: Mellorar a consideración e a accesibilidade na prestación dos servizos. Axendas de atención primaria: Establecer criterios para a utilización das axendas de atención primaria para reducir os tempos de espera e optimizar os tempos de traballo do profesional.

Grupo Parlamentario

O 25 de setembro de 2015 o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Carral presentou ante o Pleno do dito concello unha moción que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos que dicía textualmente:

*“O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

Solicitar ó Sergas se dote o Centro Médico de Carral de catro médicos e o pediatra a xornada completa para cumprir coa ratio medico/habitante de Galicia e así aliviar a espera excesiva na atención primaria de Carral.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A situación actual da atención sanitaria no Concello de Carral pode cualificarse como mala, en primeiro lugar carécese dun sistema de atención a urxencias propio tendo que desprazarse os veciños e veciñas en caso de urxencia o veciño Concello de Cambre, carecendo tamén dunha ambulancia propia, que recortaría en moito o tempo de resposta ante unha urxencia en caso de dispoñer dela.

Xunto co anterior, a lista de espera para unha consulta en medicina xeral chega a unha semana, en época estival, polo que supoñemos que neste próximo inverno o sistema pode chegar a colapsar xa que as necesidades de atención médica en época invernal son moi superiores as do verán. Esta situación anterior fai que o sistema falle, xa que ante unha enfermidade común o tempo de espera é excesivo, e os doentes acaban por acudir por urxencias ao CHUAC ou a Cambre, elementos estes últimos non destinados a cubrir estas enfermidades comúns.

A razón desta alta espera en medicina xeral e que se conta con menos médicos que os que lle corresponden a Carral por poboación, a media galega de pacientes por médico é de 1.296, no caso de Carral que conta cunha poboación de 6.172 habitantes a finais do 2106. Facendo unha simple división atopámonos que o número de médicos en Carral sería de 4,76, é dicir, son necesarios 5 facultativos (4 médicos de familia e un pediatra) e non os 2,5 existentes na actualidade, xunto co pediatra a xornada parcial e compartida. A situación actual fai que se incumpra o Plan de Mellora de Atención Primaria aprobado pola propia Xunta de Galicia no que se indica que ningún médico supere os 1.500 habitantes, sendo en Carral esta ratio habitantes por médico de 1.763 hab/med, 500 habitantes máis por médico que a media galega, e 263 máis que o permitido polo Plan do Sergas.

Por todo o anterior, e para eliminar as excesivas esperas na atención primaria, e polo que propoñemos o Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

Primeiro, *O Concello de Carral solicitará ó SERGAS por tódalas vías ó seu alcance o cumprimento en Carral do Plan de Mellora da Atención Primaria, e dotará o centro médico de Carral de catro médicos de familia, para desta forma reducir a alta espera existente actualmente en atención primaria, que chega a ser de máis dunha semana e igualarnos no ratio médicos/habitante do resto de Galicia.*

Segundo, *o Concello de Carral solicitará ó Sergas o pediatra a xornada completa e se evite desta forma que as familias teñas que acudir a pediatras privados para cubrir o escaso servizo dado polo Sergas.*

Terceiro, *mellorar os sistema de urxencias, de forma que alúmenos, pola tarde este de garda un facultativo en Carral, dotado das correspondentes ferramentas para atender casos de urxencias e contar cunha ambulancia propia que diminuiría en moito o tempo de resposta ante emerxencias locais”.*

Á vista de que o Sergas non respondeu á dita demanda, sen que se teña dirixido aos grupos asinantes da moción para dar unha resposta sobre a solución desta deficiencia, presentouse de novo outra moción na mesma liña pero engadindo unha nova reclamación:

“Mellorar o sistema de urxencias, de forma que polo menos, pola tarde estea de garda un facultativo en Carral, dotado das correspondentes ferramentas para atender casos de urxencias e contar cunha ambulancia propia que diminuiría en moito o tempo de resposta ante emerxencias locais”.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando vai o Goberno galego solucionar o problema de precariedade existente na prestación de asistencia sanitaria no centro de saúde de Carral?



Grupo Parlamentario

2ª) Considera o Goberno galego que con esta precarización dos servizos públicos no rural se está a cumprir con esa promesa feita polo presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura que esta ía ser a “*lexislatura do rural*”?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2017 14:00:56

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2017 14:01:03

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2017 14:01:10

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Fai practicamente dez anos, en decembro de 2007, atopáronse na Piringalla (Marcelle, Lugo) os restos dun castro cando se levaba a cabo a instalación das novas tuberías principais da rede de auga á cidade de Lugo. Nese momento fixéronse controles e sóndeos arqueolóxicos que aportaron datos moi relevantes, e que daban a pensar que era un castro de grande envergadura xa que se localizaron tres fosos defensivos cara ao Leste e dous cara ao Oeste. Pensase que podía ter un dobre anelo de fosos e, a maiores, outro máis en forma de media lúa.

Todo indica que este castro é moi importante e ademais sería un dos poucos coñecidos tan cerca dunha cidade.

A escavación do castro da Piringalla e o seu estudo, sería importante por si mesmo pero tamén para coñecer mellor a historia de Lugo. É destacable tamén que cerca da zona na que se produciu o achado dos restos do poboado se atoparon vestixios do acueduto que abastecía de auga á cidade. Igualmente, parece que tamén pasaba relativamente cerca a calzada romana número XX, que enlazaba A Coruña e Lugo.

Un castro así, tan cerca da cidade, é un valor a desenvolver tanto dende o punto de vista do patrimonio como do turismo cultural e polo tanto dende o punto de vista de oportunidades económicas para a cidade de Lugo, pero nestes dez anos nada se fixo para investigar este pazo.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cal é a situación actual do chamado castro da Piringalla da cidade de Lugo?

 Grupo Parlamentario

- 2.^a) Como valora a Consellería de Cultura a importancia deste castro?
- 3.^a) Ten algún proxecto a Consellería de Cultura para os restos deste castro?
- 4.^a) Pensa proceder a citada consellería nalgún momento a escavación e análise deste castro?
- 5.^a) Pensa a Consellería de Cultura que sería interesante o estudo deste castro?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2017 13:58:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2017 13:58:22

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Na Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia foi aprobada por unanimidade o 19 de maio de 2016, unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista instando a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata as acción máis urxentes necesarias para solucionar os problemas que se manifestan en Santa Eulalia de Bóveda, e a iniciar un plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor de este importante monumento e de todo seu conxunto.

Un mes máis tarde, a través dos medios de comunicación, soubemos que a Consellería de Cultura pretendía inverter 44.500 euros no 2016 no arranxo de Santa Eulalia, aínda que consideraba que non podía tocar as pinturas ata que se reducira a humidade dentro do templo, circunstancia que xa debería ser coñecida con anterioridade, dado que a consellería afirma que realiza estudos continuos da súa situación dende 2013.

Tamén se comunicou que se faría unha medición en 3D do recinto e o seu contorno, pero máis dun ano despois non sabemos nada sobre o cumprimento do encargo do Parlamento en Santa Eulalia, nin sobre o seu estado, nin sobre as previsións de actuacións. Tampouco sabemos si a consellería pensa realmente facer o plan de intervención aprobado, porque unha medición en 3D é unha ferramenta non un plan de investigación.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cal é a situación actual de Santa Eulalia de Bóveda?

Grupo Parlamentario

2.ª) Que accións levou a cabo a Consellería de Cultura para mellorar o seu estado?

3.ª) Cal foi o orzamento invertido nos anos 2016 e 2017?

4.ª) Que fixo a Consellería de Cultura para cumprir as resolucións do Parlamento de Galicia do 19 de maio de 2016?

5.ª) Pensa realizar a consellería o plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor de Santa Eulalia aprobado neste Parlamento?

6.ª) Cal foi a difusión e por que canles dos folletos informativos sobre Santa Eulalia de Bóveda?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2017 13:40:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2017 13:40:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O R.D 835/2015 regula o título de Técnico/a Superior en electromedicina clínica dándolle carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado. A partir das cualificacións profesionais, créase unha categoría na mesma liña que outros profesionais sanitarios como os técnicos especialistas en radiodiagnóstico.

O Ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

Actualmente son xa cinco Comunidades Autónomas (Andalucía, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana e País Vasco) as que imparten o ciclo formativo, apostando por unha formación cualificada e unha mellora na calidade asistencial e a seguridade do paciente.

En Galicia, polo contrario, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento e arranxo de equipos de endoscopia, incubadoras, TAC...etc., despois da súa privatización, foi adxudicado á empresa Iberman S.A na práctica totalidade do SERGAS agás o Novo Hospital de Vigo, no que a fórmula público-privada abrangue tamén o servizo.



A privatización do servizo empeorou a calidade do mesmo, producindo un aumento excesivo dos tempos de resolución, nalgúns supostos unha incorrecta reparación dos equipos e incluso ata deixar de asumir determinadas reparacións sen causa xustificada. O que finalmente supuxo que pola vía dos feitos a Xunta de Galicia non renovase a contratación coa empresa.

Na actualidade, a solución que procurou o Goberno da Xunta de Galicia, foi a de dar liberdade ás distintas EOXI para que contrate cada unha o servizo. Esta situación, unido a que Galicia non ten implantada a especialidade, produce un intrusismo que provoca a situación de que nas áreas sanitarias están derivando persoal con praza de electricista para levar o mantemento do equipamento electromédico. Algunhas áreas, crearon a figura de “Conductor de instalación” para levar a cabo o mantemento, circunstancia que motivou que o Consello de Contas no seu último informe advertirá da falta de transparencia no acceso a esa figura que ademais, segundo o informe do propio Consello, non é unha figura estatutaria.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- **Ten pensado a Xunta de Galicia o recoñecemento das competencias profesionais e a formación para a adquisición do título?**
- **Ten pensado a Xunta de Galicia regularizar e convocar oferta pública de emprego na especialidade de electromedicina revertendo a privatización do servizo?**

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 19/09/2017 14:19:56

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017 (BOE do 23 de decembro), establece no seu artigo 7 as probas e a tipoloxía de preguntas que compoñerán as probas, especificando o seguinte:

- 1) Preferentemente, as probas se contextualizarán en contornas próximas á vida do alumnado: situacións persoais, familiares, escolares e sociais, ademais de contornas científicas e humanísticas.
- 2) Cada unha das probas conterá preguntas abertas e semiabertas que requirirán do alumnado capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez. Ademais destes tipos de preguntas, poderanse utilizar tamén preguntas de opción múltiple, sempre que en cada unha das probas a puntuación asignada ao total de preguntas abertas e semiabertas alcance como mínimo o 50 %.
- 3) Para os efectos da presente orde, as categorías de preguntas defínense da seguinte maneira:
 - a) De opción múltiple: preguntas cunha soa resposta correcta inequívoca e que non esixen construción por parte do alumnado, xa que este se limitará a elixir unha de entre as opcións propostas.
 - b) Semiabertas: preguntas con resposta correcta inequívoca e que esixen construción por parte do alumnado. Esta construción será breve, por exemplo un número que dea resposta a un problema matemático, ou unha

Grupo Parlamentario

palabra que complete unha frase ou dea resposta a unha cuestión sempre que non se facilite unha listaxe de posibles respostas.

- c) Abertas: preguntas que esixen construción por parte do alumnado e que non teñen unha soa resposta correcta inequívoca. Englóbanse neste tipo as producións escritas e as composicións plásticas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais, o artigo 8 e para o contido das probas establece que polo menos o 70 % da cualificación de cada proba deberá obterse avaliando estándares de aprendizaxe seleccionados entre os definidos na matriz de especificacións da materia correspondente, que figura no anexo I desta orde ministerial e que inclúe os estándares considerados esenciais. As administracións educativas poderán completar o 30 % restante da cualificación avaliando estándares dos establecidos no anexo I do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Durante o curso pasado, 2016/2017, existiu unha enorme incerteza nos centros educativos nos que se imparte o Bacharelato como consecuencia da tardanza na publicación da normativa necesaria para o acceso á Universidade do alumnado.

De feito, ata a publicación da Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2017/18 no DOG do 27 de marzo de 2017, non existía na nosa Comunidade Autónoma ningún referente legal.

Neste inicio de curso 2017/2018 existe de novo unha gran preocupación entre o profesorado que imparte o 2º curso de bacharelato posto que a estrutura e o contido das probas parecen destinados a sufrir unha fonda transformación.

No sentido anterior, o profesorado necesita ter referentes para informar e preparar o alumnado adecuadamente para a superación desas probas.



Grupo Parlamentario

Sobre a base do anterior o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informar de forma inmediata aos centros educativos de como van ser as probas da ABAU do alumnado que está a cursar 2º curso de Bacharelato neste momento?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 19/09/2017 16:53:22

Maria de la Concepci3n Burgo L3pez na data 19/09/2017 16:53:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o non uso da lingua galega por parte da Consellaría de Economía, Emprego e Industria nunha comunicación oficial.

A Consellaría de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego e a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral encamiñou a unha persoa demandante de emprego da Peroxa (Ourense) un escrito informando da obriga de se presentar a unha proba de selección no marco do programa de formación ocupacional.

No documento sinálanse día, hora e lugar en que deberá presentarse a persoa para realizar a devandita proba de selección así como as consecuencias derivadas de non o facer.

Nada fóra do habitual se non fose porque a documentación remitida pola Xunta de Galiza está redixida en castelán e só en castelán.

Cómpre lembrar que, desde a aprobación do Estatuto de 1981 recoñécese que a lingua propia de Galiza é o galego (artigo 5.1) como tamén aparece recollido no artigo 1º da Lei de Normalización Lingüística de 1983. Así mesmo, os poderes públicos de Galiza deben promover, de acordo co noso ordenamento xurídico, o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía (artigo 6.3 da LNL).

Non é a primeira ocasión na que se producen queixas relacionadas coa vulneración dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos por parte da Xunta de Galiza. De facto, no



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:31
Nº Rexistro: 16989
Data envío: 19/09/2017 17:31:49.815

informe elaborado anualmente desde a Mesa pola Normalización Lingüística, A liña do galego, son a Xunta e o SERGAS, os que maior número de queixas rexistran (56% do total).

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza perante a comunicación redixida pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria en castelán?
- Cónstanlle máis casos nos que se teña usado a lingua castelá nas comunicacións oficiais?
- A que se debe que algunha ou algunhas áreas da administración pública galega non usen a lingua propia do país para se comunicar coa cidadanía galega?
- Cre que este tipo de actuacións respectan os dereitos lingüísticos das galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:31
Nº Rexistro: 16989
Data envío: 19/09/2017 17:31:49.815

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 17:30:40

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 17:30:44

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 17:30:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 17:30:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 17:30:56

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 17:30:57

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de Xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os custos do servizo público de xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas. En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, con multitude de problemas.

Ademais, xa hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable. A este grupo parlamentario non lle gusta ser adiviño, pero adiviñou: a plataforma caía o día 27 de xullo e era obxecto de varios ciberataques, segundo o propio ministro de Xustiza e, despois do seu arranxo, en menos de 24 horas e tras 60 millóns de euros para arranxalo, LexNet caía de novo.

Hoxe mesmo caía dende primeira hora da mañá para non funcionar ata preto da hora da comida, deixando aos profesionais e aos propios xulgados (caía nos xulgados tamén) sen ferramentas de traballo. Un despropósito!

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre os problemas reiterados de funcionamento da plataforma LexNet en Galicia?
2. Cando vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia?
3. Vai realizar o Goberno galego unha auditoría externa propia que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia?
4. Vai constituír o Goberno galego comisións de seguimento en Galicia, para evitar seguir poñendo en perigo os dereitos á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica?
5. Considera o Goberno galego que xa son horas de pedir dimisións?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/09/2017 16:42:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/09/2017 16:42:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2017 16:42:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O insecto coñecido coma *nesperiña do castiñeiro* que ataca ós castiñeiros está aínda en plena expansión. Hai xa amplas zonas de Galicia onde son visibles os danos ocasionados polo mesmo e onde a densidade de bugallos por planta é alarmante de cara á próxima colleita.

Sabemos dos reparos postos desde o MAPAMA á introdución xeralizada do *Torymus sinensis* mentres os ensaios feitos en Andalucía e Galicia non aportasen datos sobre a súa influencia no equilibrio das especies e en concreto coas catro variedades autóctonas de *Torymus*.

Parece ser que os primeiros resultados apuntan a que non existen problemas para autoriza-lo uso deste parásito (*Torymus sinensis*) de forma xeralizada.

Mentres, a praga avanza e os primeiros danos xa se deixan sentir na colleita deste ano en zonas onde xa estaba presente o ano pasado.

Visto o mal que ocasionou en Italia é de agardar que aquí, neste noso país, chegue a facer outro tanto nun sector tan castigado nos últimos tempos por outras enfermidades coma o *chancro* ou a mesma *tinta* aínda presente en moitas zonas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector da castaña, abandonado pola despoboación do rural e pola falta de interese no mesmo das administracións, que se encontraba en esperanzada recuperación mercede a proxectos individuais e colectivos moi singulares, está ameazado de morte nestes momentos se por parte da Administración non se toman medidas inmediatas.

Italia chegou a perder case o 100% da colleita de castaña nos anos pasados, e a piques estivo de ve-la fin dos castiros no seu territorio de non ser pola rápida e combinada resposta do sector, investigadores e máis administracións, que levou a facilita-las soltas de *Torymus sinensis* nas zonas afectadas

De momento mentres non apareza un milagre o único remedio está na solta masiva do xa citado *Torymus sinensis*, e mentres en Italia dan por finalizada a praga, establecido o novo equilibrio, aquí vemos como se estende por todo o noso territorio e como o sector da castaña camiña a un desastre anunciado.

Por outra banda, dende o sector non se entende como se o *Torymus sinensis* vai chegar, de maneira natural ou forzada, máis tarde ou máis cedo hai tantos reparos por parte da Administración.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que resultados se visualizan das investigacións a respecto da solta do *torymus sinensis* no seu comportamento e consecuencias nas poboacións dos *torymus* autóctonos?

-Que hai de verdade nalgunhas investigacións que achacan ó *torymus* do parásito dos carballos a eliminación de ata un 25% da praga nos castiñeiros?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:14
Nº Rexistro: 17007
Data envío: 20/09/2017 11:14:11.985

-Cales son os plans da Consellería a respecto da loita para controla-la praga da nesperiña?

-Ten pensado algunha liña de axudas ó sector tanto para palia-los efectos da xeadada coma os da praga?

-Ten previsto algunha liña de axudas para inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña nunha decidida aposta polo sector coma factor de revitalización económica e demográfica de territorios xeralmente deprimidos de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:14
Nº Rexistro: 17007

Data envío: 20/09/2017 11:14:11.985

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2017 11:13:04

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2017 11:13:11

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2017 11:13:13

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2017 11:13:14

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2017 11:13:16

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2017 11:13:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á creación dun Instituto no Municipio de Barbadás, na provincia de Ourense.

Barbadás é un concello da provincia de Ourense, pertencente á comarca de Ourense. O concello, de 30,33 qm², abrangue 6 parroquias. Limita ao norte con Ourense. O seu principal núcleo é A Valenzá, vila de Ourense. Cara ao norte está o río Miño, ao que se dirixe o río Barbaña, principal curso fluvial do concello. As zonas máis montañosas están cara ao suroeste, acadando os 600 m no Alto do Castro.

Segundo o IGE en 2016 tiña 10.638 habitantes (10.463 en 2015, 8.426 no 2006, 7.939 no 2005, 7.597 no 2004, 7.193 no 2003). No 2015 tiña un censo total de 10.463 persoas, das que o case 18% eran menores de 15 anos (1.876).

Na actualidade o termo municipal de Barbadás dispón de dous centros de Educación Infantil (de 3 a 6 anos) e Primaria (de 6 a 12 anos); trátase do CEIP Filomena Dato que contará con 382 nenos/as para o vindeiro curso 2017/2018 (42 máis que no curso 2016/17); e o CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro. (inaugurado no curso 2007/2008). Comezou con 71 alumnos/as, no pasado curso (2016/17) 361 e para o curso 2017/18 vai ter 397 (36 alumnos máis, segundo as listas provisionais de admitidos/as). A súa capacidade total é de 450.

Porén está previsto que un total de 779 alumnos/as estean matriculados en educación infantil e primaria no Concello de Barbadás.



Iso é un indicio obxectivo do crecemento demográfico do municipio.

Están resoltas as necesidades do municipio en Infantil e Primaria. Sen embargo, o Colectivo Cidadá por Centros Públicos de Barbadás leva anos reivindicando a construción dun instituto que evite o traslado dos preto de 800 mozos e mozas que teñen que se desprazar á cidade para continuar os seus estudos de Ensino Secundario e Bacharelato (principalmente, no Ferro Couselo).

Xa en 2008 este Colectivo reclamaba ao rexedor do municipio e á Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria escritos pedindo que se puxesen a disposición da Xunta os terreos axeitados para o mesmo; e por outra banda á Consellería que se comprometese na súa construción.

En outubro de 2009 o, naquel entón, Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e hoxe alcalde de Ourense, anunciou ante a comunidade educativa que se colocaría a primeira pedra no primeiro semestre de 2010 e que comezaría a funcionar no curso 2011-12. E mesmo falou da cantidade de 4.691.350 euros asignada a tal fin. Polo que se ve, co paso do tempo, propaganda e non compromiso real.

Nos anos 2010, 2011, 2015 e ata hoxe moitas foron as iniciativas dos grupos da oposición e da plataforma cidadá polo ensino público, reclamando tamén con sinaturas da cidadanía das seis parroquias, o que demostra a urxencia e prioridade do cumprimento do compromiso.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:



- Vai o Goberno galego axilizar as xestións para conseguir os terreos necesarios e iniciar coa maior celeridade posible a construción dun novo Instituto de Ensino Secundario en Barbadás?
- Que medidas vai por en marcha a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para iniciar de forma inmediata o IES en Barbadás?
- Cumprirá o compromiso adquirido adxudicando para tal fin as partidas orzamentarias precisas e garantir no vindeiro exercicio a financiación suficiente para o remate das obras e a súa posta en funcionamento?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.; Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2017 11:37:35

Luca Chao Pérez na data 20/09/2017 11:38:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a desaparición do proxecto ‘Modelo Burela’ desenvolvido no IES Pedrouro (A Mariña).

O 16 de setembro de 2017 desde a equipa docente do IES Pedrouro no que se viña desenvolvendo o programa de integración social e normalización lingüística coñecido como ‘Modelo Burela’ anunciouse o fin do proxecto. Segundo comunicaron, como resultado da supresión das tres medias xornadas coas que o mantiñan.

O denominado ‘Modelo Burela’ comezou a funcionar en 2005-2006 nesta localidade mariñá duns 10 mil habitantes na que conviven medio cento de nacionalidades diferentes, moitas delas vinculadas ao sector do mar e a pesca do bonito. De facto, no centro educativo Pedrouro, o 20% do alumnado é de nacionalidade distinta á galega.

Este proxecto pedagóxico baseábase, segundo explican desde a equipa docente, nunha intervención planificada dirixida ao estudantado en risco de exclusión social, as súas familias, a equipa directiva do centro, a Comisión Pedagóxica e ao conxunto do profesorado e a administración educativa co obxectivo de facilitar a integración social da comunidade estranxeira, principalmente caboverdiana, que vive e traballa en Burela, mais tamén do Senegal, o Perú ou Marrocos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Tiñamos sentado as bases dunha escola inclusiva e transformadora e os resultados positivos ían agromando”, afirman. E eses resultados foron recoñecidos en numerosas ocasións pola propia administración que concedeu ao ‘Modelo Burela’ o premio de innovación Normalización Lingüística en diversas ocasións, a última delas en 2012. Non foron os únicos en recoñecer o traballo pedagóxico e de normalización da lingua galega, tamén a Fundación Lois Peña Novo galardoou o proxecto no ano 2010 e, máis recentemente, no 2016 recibiu premio por parte da Fundación Donostia Capital Europea da Cultura.

Porén, malia que Burela sempre foi posto como exemplo de integración e inclusión social, distintos estudos e traballos académicos denuncian o racismo existente, coa súa repercusión no ámbito educativo, e tamén a inacción política por parte das autoridades locais e nacionais diante desta realidade, como vén reflectir a desaparición do devandito proxecto pedagóxico e de normalización lingüística.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza en relación ao proxecto ‘Modelo Burela’?
- A que responde a desaparición, como denuncian desde o IES Pedrouro, do proxecto?
- Que opinión lle merece á Consellaría de Educación a súa desaparición?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para manter e promover o programa de integración social e normalización da lingua galega que se desenvolvía desde 2005-2006 no IES Pedrouro de Burela?

- Como valora o Goberno galego o proxecto 'Modelo Burela' e os resultados obtidos na loita contra o abandono escolar e a exclusión social entre a poboación foránea que vive e traballa na comarca da Mariña?

- Que outras accións, programas, actividades ou proxectos ten desenvolvido ou apoiado o Goberno galego con estes obxectivos?

- Cales son as cifras de abandono escolar en Burela, cales entre a comunidade migrante ou descendentes de migrantes? Cal é a porcentaxe en relación coas cifras totais?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 17022
Data envío: 20/09/2017 12:45:40.968

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2017 12:44:28

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2017 12:44:32

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2017 12:44:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2017 12:44:35

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2017 12:44:37

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2017 12:44:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta **escrita**, relativa ao comedor de A Cañiza.

Dende En Marea entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

A mediados de agosto, a Asociación de Nais, Pais e Alumnos de A Cañiza denunciou na Xefatura Territorial a existencia de roedores no almacén de víveres do CPI local, pero a Xefatura demorou dunha maneira imprudente a súa actuación. Pasado un tempo, a empresa contratada para levar a cabo a desratización, aplicou un primeiro produto que resultou ser ineficaz contra os ratos. A empresa recorreu entón a un segundo produto máis agresivo. A día 19 de setembro, coas clases xa comezadas, Sanidade aínda non ten decidido se vai permitir abrir o servizo de comedor.

O resultado desta falta absoluta de previsión por parte da Xefatura Territorial son medio millar de alumnos que asisten a clase por segunda semana consecutiva sen ter dispoñible o servizo de comedor. Isto obriga aos pais a recorrer a veciños e familiares ou incluso a contratar a alguén para lograr conciliar o seu horario laboral co coidado dos nenos e nenas. Tamén o horario dos autobuses tivo que ser re-axustado e o alumnado da ESO está tendo menos horas lectivas.



En definitiva, a mala xestión da Xefatura Territorial e a súa inescusable improvisación á hora de abordar un tema tan serio como é o dereito dos alumnos e alumnas a dispoñer dun comedor no que recibir unha alimentación axeitada, foron o desencadéante dun desorde que afecta a gran parte da cidadanía da Cañiza.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Por que a Xefatura Territorial no actuou inmediatamente cando soubo o que sucedía?
- 2.^a) Por que non se habilitou ningunha alternativa para os rapaces e rapazas? A Xuntan non conta con protocolos para casos como este?
- 3.^a) Que medidas pensa tomar o Goberno para garantir que algo semellante non volve a suceder?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/09/2017 12:44:52



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2017 12:45:03

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No noso país temos normativa sobre a xestión dos pneumáticos fóra de uso dende o ano 2005, isto é, o RD 1619/2005 e o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2020. Non obstante, toda a xeración de pneumáticos ao final da súa vida útil é tratada fóra de Galicia, fundamentalmente en Castela León e Portugal, a pesar de que en Galicia contamos con plantas autorizadas para a súa valorización final.

A principios de 2017, no depósito de Fene (na antiga Rubber) comezaba a trituración e retirada dos pneumáticos, quedando na terra anacos de pneumáticos, arames e po.

En relación co depósito de Fene, a día de hoxe, sabemos que se retirou a terra contaminada e se fixo un recheo con terra non contaminada chegada doutro lugar, pero queremos coñecer en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas

1ª) En que data comezou e finalizou a retirada da terra con anacos de pneumáticos, arames e po?

2ª) Cal foi a cantidade retirada de terra contaminada?

3ª) Onde foi tratada a terra contaminada, con que finalidade e cal foi o seu destino?

4ª) Cal foi o custo da retirada da terra contaminada e do recheo de terra non contaminada?



Grupo Parlamentario

5ª) Supuxo un incremento do orzamento inicial, a retirada da terra contaminada do recheo de terra non contaminada, en caso afirmativo canto se incrementou o orzamento?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/09/2017 16:45:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/09/2017 16:46:09

Raúl Fernández Fernández na data 20/09/2017 16:46:16

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Ante o proxecto para a ampliación do viario de Santa Irene - Calo (Vimianzo), ten xurdido por parte dos veciños e veciñas, certa preocupación en canto aos seguintes aspectos:

1. Impacto acústico e ambiental na parroquia de Calo, xa que o proxecto transcorre ao longo de toda a parroquia, atopándose o núcleo a tan só cen metros, nalgúns casos, incluso a carón delas, a dous metros dos desvíos, provocando nestes fogares graves problemas acústicos e de polución, minguando a súa calidade de vida. Ademais, enténdese que depreciará o valor desas vivendas.
2. Impacto visual e estético nun entorno rural especial: coa construción do viaduto-ponte enfrontámonos a un impacto visual e estético nun entorno rural especial.

Por iso, é preciso o desprazamento dos desvíos de saída de Camariñas e Vimianzo, en torno a 50 metros cara ao sur, seguindo a mesma traxectoria da autovía e mantendo a saída en dirección a Vimianzo (entre a fábrica de formigón e *karting*), deste xeito, minimizar os ruídos e a contaminación, afastándoa das casas. Xa que o trazado transcorre a carón do núcleo de Calo, para non prexudicar á veciñanza da dita localidade, con esta medida podería ser máis efectivo un espazo que axude á insonorización acústica e de polución por medio de sistemas artificiais (paneis) e naturais (vexetación). Dada a riqueza estética desta localidade, o viaduto-ponte a construír, debería ser dunha estética que encadre co entorno.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario

1ª) É coñecedor o Goberno galego das consecuencias que tería para os veciños e as veciñas de Calo (Vimianzo), a ampliación da autovía, tal e como está o proxecto?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Vai o Goberno galego adoptar algún tipo de medida para reducir o impacto acústico e ambiental que tería a ampliación da autovía para os veciños e as veciñas de Calo (Vimianzo) tal e como está formulada?

3ª) Que medidas vai adoptar para que o viaduto se encadre dentro da estética rural do entorno?

4ª) Pensa o Goberno galego incluír as peticións realizadas polos veciños e veciñas de Calo na redacción definitiva do proxecto?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/09/2017 16:59:59

Raúl Fernández Fernández na data 20/09/2017 17:00:13

María Luisa Pierres López na data 20/09/2017 17:00:21

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e Luis Manuel Alvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na cidade de A Coruña nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:23:48



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/09/2017 17:24:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/09/2017 17:24:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Luis Manuel Alvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Ferrol nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:24:19



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/09/2017 17:24:25

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/09/2017 17:24:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na cidade de Lugo nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:24:46



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/09/2017 17:24:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/09/2017 17:24:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Luis Manuel Alvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na cidade de Ourense nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:25:08



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 20/09/2017 17:25:16

Noela Blanco Rodr3guez na data 20/09/2017 17:25:21

Ra3l Fern3ndez Fern3ndez na data 20/09/2017 17:25:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Luis Manuel Alvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na cidade de Pontevedra nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:25:37



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 20/09/2017 17:25:44

Patricia Vil3n Lorenzo na data 20/09/2017 17:25:50

Mar3a Luisa Pierres L3pez na data 20/09/2017 17:25:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Luis Manuel Alvarez Martínez e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:26:05



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/09/2017 17:26:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2017 17:26:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Vigo nos anos 2015 e 2016 en:

- Ensino regulado (exceptuando universidade).
- Educación artística.
- Educación especial.

Detallando:

1. Custo de gastos en salarios dos e das profesoras.
2. Custo de obras de reposición, ampliación e mantemento en diferentes centros, servizos de limpeza, comedor ou transporte (detallando os proxectos e importes dos mesmos).

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:26:36

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/09/2017 17:26:44

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de persoas maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, cumpriu 10 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e coidadores.

O Servizo de Axuda no Fogar (ASF) son actuacións levadas a cabo no contorno das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permiten á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade

Grupo Parlamentario

de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio. A Administración autonómica financia aos concellos unha parte deste servizo.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que número de horas do Servizo de Axuda no Fogar financiou a Xunta de Galicia no concello de **A Guarda** durante o ano 2016?
2. Cal foi o número total de dependentes atendidos a través do Servizo de Axuda no Fogar financiados pola Xunta de Galicia no concello de **A Guarda** durante o ano 2016?
3. Que número de horas do Servizo de Axuda no Fogar financiou a Xunta de Galicia no concello de **A Guarda** durante o ano 2015?
4. Cal foi o número total de dependentes atendidos a través do Servizo de Axuda no Fogar financiados pola Xunta de Galicia no concello de **A Guarda** durante o ano 2015?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de horas do Servizo de Axuda no Fogar durante este ano no concello de **A Guarda**?
6. En caso afirmativo, en canto se van incrementar?
7. Cubre o Servizo de Axuda no Fogar financiado pola Xunta de Galicia, a demanda existente no concello de **A Guarda**?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:02:12

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de persoas maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, cumpriu 10 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e cuidadores.

O Servizo de Axuda no Fogar (ASF) son actuacións levadas a cabo no contorno das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permiten á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade

Grupo Parlamentario

de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio. A Administración autonómica financia aos concellos unha parte deste servizo.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que número de horas do Servizo de Axuda no Fogar financiou a Xunta de Galicia no concello de **Baiona** durante o ano 2016?
Julio Torrado Quintela na data 20/09/2017 17:16:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 10:49
Nº Rexistro: 17120
Data envío: 21/09/2017 10:49:14.457

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A empresa PMA (Protección Medioambiental), que forma parte do Grupo Campo, xestiona diversos tipos de residuos tóxicos e perigosos nas súas instalacións de Lendo (A Laracha) desde a década dos anos 90 do século pasado, entre eles aceites industriais usados que recolle en talleres, portos, etc.

Unha boa parte dos aceites son incinerados nas instalacións de Cerámica Campo de Lendo (A Laracha) xerando unha contaminación ambiental que padece a veciñanza do entorno e que se evidencia nos cultivos, nas árbores froiteiras, ou mesmo nas manchas da roupa tendida no exterior.

Teñen saído informacións nos medios de comunicación relativas á superación das emisións autorizadas nalgunha ocasión por parte desta empresa.

Aínda que xorda, hai nos núcleos de poboación dos arredores alarma sobre o que se considera, sen haber estudos científicos ó respecto, un aumento de cancros e afeccións respiratorias que se achacan ós fumes tóxicos que disque saen polas noites da incineración.

O que está fóra de toda dúbida é que en Lendo almacénanse milleiros de tm. de residuos como rodas e aceites cun potencial contaminante considerable.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 10:49
Nº Rexistro: 17120
Data envío: 21/09/2017 10:49:14.457

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que tipo de residuos tóxicos e perigosos está autorizada a xestionar a empresa PMA, e en qué consiste esa xestión (por exemplo, no caso dos aceites industriais usados, cal é a cantidade que se recicla e cal é a que se incinera)?

-Existe algún tipo de control que se faga de parte da Administración económica coa fin de evitar que se sobrepassen as porcentaxes de emisión de fumes e gases tóxicos permitidos pola lei?

- Existe algún estudo sobre o impacto no entorno e na xente debido á actividade destas industrias?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 10:49
Nº Rexistro: 17120

Data envío: 21/09/2017 10:49:14.457

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 10:25:50

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 10:25:55

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 10:25:57

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 10:25:59

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 10:26:00

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 10:26:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17136
Data envío: 21/09/2017 13:32:28.570

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as melloras que son precisas realizar no recién inaugurado centro de saúde de Marín.

A construción dun novo Centro de Saúde en Marín foi unha insistente demanda veciñal, que tivo que agardar un longo período de tempo para que o mesmo fora unha realidade. O Goberno de coalición BNG-PSOE puxo no ano 2008 os terreos a disposición da Xunta, tras conseguir a adquisición dos mesmos despois de negociar con INVIFAS a súa transferencia pública.

Un longo proceso de oito anos para por en activo a infraestrutura sanitaria, ao longo do cal foron continuas as denuncias e reclamacións polo atraso das obras. O custe do centro foi de 5,6 millóns de euros e atende a unha poboación de arredor de 25 mil persoas con máis de 23 mil tarxetas sanitarias

Coincidindo coas eleccións ao Parlamento Galego do ano 2016, o Partido Popular, coa alcaldesa María Ramallo e o Xerente da Area Sanitaria de Pontevedra, á cabeza fixo unha inauguración encuberta do Centro, motivo polo cal foi denunciado perante a Xunta Electoral de Zona e aberto un expediente sancionador, de xeito que o día 16 de setembro de 2016, en plena campaña electoral empezou a realizar as súas funcións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17136
Data envío: 21/09/2017 13:32:28.570

Ao mes seguinte, outubro do 2016, Núñez Feixóo inauguraba de maneira “oficial” as instalacións do Centro de Saúde – PAC, afirmando que era “dos máis completos de Galiza” e “un pequeno hospital sen hospitalización”.

A menos dun ano da inauguración non son poucas as deficiencias e carencias que presenta o centro. A primeira delas é a non existencia do servizo de radioloxía, a pesares de que hai o espazo físico para o mesmo, é ser unha das promesas do Partido Popular. Como consecuencias @s veciñ@s de Marín teñen que desprazarse a Pontevedra para realizar calquera proba radiolóxica.

Pese a existencia de Servizo de Fisioterapia, non hai creada ningunha praza de Fisioterapia, @s traballadores/as só teñen contratos temporais, de acúmulos de tarefas. Polo número de habitantes, a ratio tería que ser cando menos de 2 profesionais de fisioterapia, mais a realidade é que o centro de saúde só conta cunha persoa, e sen terse creado a praza de xeito estrutural.

A isto hai que sumar carencia de servizo de Farmacia, non existe monitor de desfibrilador no Cento de Saúde, non existe Caixas fortes para depositar e gardar os fármacos psicotrópicos e estupefacientes. Falta de cobertura nas baixas de persoal de longa duración, a empezar polo servizo de Matronas, que orixina unha deficiente atención.

A non disposición dunha ambulancias dispoñíbel as 24 horas do día, tamén é motivo de preocupación, toda vez que @s veciñ@s de Marín quedan desprotexidos durante ás noites en caso de ser preciso acudir a unha urxencia ou ter que facer un traslado ao Hospital.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17136
Data envío: 21/09/2017 13:32:28.570

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Considera o Goberno galego que @s veciñ@s de Marín teñen unha boa asistencia sanitaria coas carencias que se acaban de describir?

-Vai atender as demandas de solución das carencias e deficiencias do centro de saúde?

-Cal é a razón de non ter dotado ao centro de saúde de Marín do servizo de radioloxía?

-Ten intención de completar a RPT do centro con cando menos dúas prazas de fisioterapia?

-Coida a Xunta de Galiza que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade sen substituír as ausencias do persoal, en especial as ILTs de longa duración?

-Parécelle razoábel que unha poboación de máis de 25 mil persoas non dispoña dun servizo de ambulancia as 24 horas ao día?

Ten intención de ampliar o horario da ambulancia?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17136
Data envío: 21/09/2017 13:32:28.570

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 13:30:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 13:30:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 13:30:12

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 13:30:14

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 13:30:15

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 13:30:17

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En recentes novas da prensa denomínase como “ocaso” a situación na que se atopa o espazo natural da Lagoa de Castiñeiras, no Parque de Cotorredondo, pertencente os concellos de Vilaboa e Marín.

Este enclave natural foi durante décadas o lugar elixido polas xentes da península do Morrazo así como por moitos outros pontevedreses para desfrutar das fins de semana comendo e merendando en familia nun entorno ao aire libre e en contacto coa natureza. É de feito, o maior parque de esparcemento público da provincia de Pontevedra, e destino de moitos e moitas escolares que acudían á aula da natureza para coñecer máis de preto a diversidade de fauna e flora que conforman o conxunto do parque. Atópase ademais neste marco a acrópole megalítica "Chan de Castiñeiras" e o mirador de Cotorredondo, que, en días claros, permite apreciar a beleza das Rías Baixas no seu conxunto.

Acudir hoxe a este lugar supón atoparse con múltiples signos de abandono e decadencia:

- Vallas e cercados derribados.
- Maleza incontrolada.
- Intransitabilidade de camiños e sendas.
- Unha edificación de aseos que nunca foi inaugurada, chea de lixo e coas carpinterías xa esnaquizadas.
- Edificacións e instalacións pechadas e con evidentes síntomas de abandono.
- Deficientes sinalizacións.
- Viais degradados.
- Dificultade de acceso ao miradoiro.

Todo froito do ínfimo mantemento e inversión realizadas nos últimos anos.

E a lagoa, artificial, creada en orixe para subministro de auga en caso de incendio vese, nos últimos veráns, falta de auga, polas filtracións que xa foron denunciadas en repetidas ocasións polas asociacións veciñais e que provocan a súa seca total, co conseguinte prexuízo para a fauna e flora que a habitan.

Todas estas cuestións fan que esta área agonice e se converta nese ocaso ou sombra do que foi no seu día.

A xestión do mesmo corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio así como a catro comunidades de montes dos concellos de Marín e Vilaboa. As comunidades de montes fixeron nestes anos labores de mantemento e limpeza de pequenas áreas ou arranxos, pero ben é certo que a extensa área, de máis de 50 hectáreas, deste parque fai inasumible afrontar todas as actuacións precisas.

Dende o ano 1988 o parque conta cunha Aula da Natureza, trala habilitación da casa do axente forestal do parque, e dende o 2007 cóntase cun Centro de Visitantes e Punto de Información Ambiental do Parque da Natureza, sita na antiga cabana que hai ó carón do lago e cedida pola Comunidade de Montes de Vilaboa, así como o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo vencellado á Aula da Natureza.

A realidade é que a actividade destes centros, a día de hoxe, así como a súa conservación son practicamente nulos, atopándose pechadas moitas das edificacións. Tense constancia soamente de actividade no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre, á agarda do seu traslado ao concello de Cotobade-Cerdedo, o que redundará aínda máis na perda de valor do conxunto do parque.

Os socialistas consideramos que é preciso impulsar a recuperación desta área para volver a aproveitar o potencial dos seus valores naturais, turísticos, educativos e de lecer, converténdoa novamente nun dos parques recreativos máis senlleiros de Galicia.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o orzamento que nos últimos anos ten dedicado a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao mantemento e potenciación do contorno do Parque de Cotorredondo?
2. Que actuacións contempla o Goberno de Galicia para recuperar os valores ambiental, turístico e de patrimonio deste parque?
3. Ten pensado algún tipo de actuación inmediata que inclúa o selado das grietas ou filtracións da lagoa e evitar unha nova seca?
4. Cal é o motivo para que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio desatenda nos últimos anos as condicións do convenio de colaboración asinado no 2001 coa Comunidade de Montes de Vilaboa e con vinculación durante 30 anos?
5. Cal é o grao de vinculación desta consellería coas outras tres comunidades de montes pertencentes aos concellos de Moaña e Marín? Que convenios están activos neste momento?
6. Cal é o motivo polo que se autorizou a construción e posta en marcha de asadoiros na parte do parque que corresponde ao concello de Marín e non se deu resposta á mesma solicitude por parte da Comunidade de Montes de Vilaboa?
7. Cales son as razóns da suspensión do Proxecto educativo da Aula da Natureza de Cotorredondo? Que pensa facer a consellería ao respecto?
8. Cando está previsto o peche definitivo do Centro de Recuperación da Fauna Silvestre?
9. Ten pensado a consellería algún outro destino para as instalacións deste centro unha vez sexa desaloxado?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López

Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 21/09/2017 16:33:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/09/2017 16:33:20

Raúl Fernández Fernández na data 21/09/2017 16:33:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17211
Data envío: 21/09/2017 16:46:32.083

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a coñecer as razóns do incremento do custe polo servizos medios aéreos do Servizo de Busca e Salvamento de Gardacostas de Galicia.

A Consellaría do Mar iniciou un novo concurso para contratar para o servizo de Busca e Salvamento dous helicópteros, o Pesca 1, con base en Vigo e o Pesca 2 en Celeiro.

O actual contrato remata en outubro deste ano 2017, e a Consellaría sacou un primeiro concurso coa idea de ampliar o servizo ata o 2021 por un importe total de 26 millóns de euros.

Este concurso quedou deserto dado que unicamente se presentou unha empresa, que segundo a Xunta de Galicia, non reunía os requisitos esixidos. Esta cuestión foi denunciada pola propia empresa, xa que é imposible acreditar experiencia cando o servizo está en mans dunha única empresa. Isto obrigou á administración a realizar unha readaptación da proposta, elevando o custe do prezo do servizo de 7,5 a 8,5 millóns de euros. A este novo concurso volveuse presentar a empresa Seprogal, que novamente foi descualificada, mais xa coa nova proposta, desta vez si se presentou Inaer, agora en mans da multinacional británica Babcock, denominada Babcock Mission Critical Services España.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17211
Data envío: 21/09/2017 16:46:32.083

Este incremento prodúcese ao pouco tempo de que a Xunta vendera, a finais do 2011, os dous helicópteros, que eran propiedade da administración galega, pola metade do seu custe a empresa Inaer, por 12 millóns de euros cun acordo entre partes, pola cal a empresa prestaba o servizo de salvamento e mantemento en exclusiva ata o 2017. Ano este no os helicópteros pasan a ser propiedade da empresa contratante, elimínanse as supostas rebaixas do servizo e queda a Xunta de Galiza libre de escoller a nova empresa prestadora do servizo. É unha evidencia que esa liberdade non é tal, xa que en realidade coas actuacións que realizou a Xunta, está atada de pés e mans, e entrega o servizo á única empresa operadora no mercado.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cales son as razóns do incremento do custe polo servizos dos medios aéreos do Servizo de Busca e Salvamento de Gardacostas de Galicia?

- Como é posible este sobre custe de 7,5 a 8,5 millóns de euros cada ano se os helicópteros púxoos a Xunta de Galiza?

- Considera razoábel que a venda dos helicópteros se levara a cabo pola metade do seu custe, e que os mesmos fosen amortizados en seis anos?

- Parécelle normal que ese “agasallo” non teña valor ningún no novo concurso?

- Que melloras supuxo a externalización do servizo para o Servizo de Gardacostas de Galiza?

- Son mellores as condicións agora que antes da privatización do Servizo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17211
Data envío: 21/09/2017 16:46:32.083

- Hai maior número de tripulantes, máis horas de servizo, máis medios...?
- Se na práctica unicamente unha empresa se pode presentar ao concurso para prestar o Servizo, cales son tales melloras do modelo privado?
- Non lle parece que evidencia unha total debilidade e unha alarmante incapacidade na xestión deste Servizo, o feito de que a proposta económica sexa imposta abusivamente pola única empresa contratante despois de a Xunta pon os medios e eles unicamente teñan que contratar o persoal cualificado?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 16:35:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17211
Data envío: 21/09/2017 16:46:32.083

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 16:35:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 16:35:53

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 16:35:54

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 16:35:56

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 16:35:58

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Todas as enquisas e análises feitos nos últimos anos mostran unha realidade moi preocupante para a lingua galega, cun descenso moi acusado do seu uso entre a poboación sobre todo entre a mocidade.

Non cabe dúbida de que a maneira de que o uso da nosa lingua sexa impulsado é que o galego estea en todas as actividades da poboación e sobre todo dos máis novos, e entre estas actividades é fundamental que o galego estea nas de lecer e nas culturais.

Neste senso a presenza do galego nas producións audiovisuais é case inexistente. En moi escasos cines pódense visionar películas en lingua galega, incluso na televisión galega as actividades de dobraxe son cada vez máis escasas.

Pero ademais tampouco o galego está presente nas plataformas televisivas cada vez máis utilizadas por un maior número de persoas. Nestas plataformas, como Movistar+ seguramente a máis vista, todas as series e películas de cine actuais ou máis populares, poden visionarse con subtítulos en castelán, euskera e catalán pero non existe nin unha soa que teña subtítulos en galego.

Isto é froito dun abandono absoluto por parte da Xunta de Galicia das políticas de promoción do galego, realmente case humillante. Como é posible que estean todos os idiomas oficiais menos o noso? Para a normalización da lingua son tamén fundamentais as políticas de prestixio, e a Xunta está a facer todo o contrario ca nosa.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Pregunta:



 Grupo Parlamentario

Por que na plataforma Movistar+ boa parte da súa oferta de series e cine se pode ver en euskera e catalán e non en galego?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017 de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:58:06

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:58:16

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Todas as enquisas e análises feitos nos últimos anos mostran unha realidade moi preocupante para a lingua galega, cun descenso moi acusado do seu uso entre a poboación sobre todo entre a mocidade.

Non cabe dúbida de que a maneira de que o uso da nosa lingua sexa impulsado é que o galego estea en todas as actividades da poboación e sobre todo dos máis novos, e entre estas actividades é fundamental que o galego estea nas de lecer e nas culturais.

Neste senso a presenza do galego nas producións audiovisuais é case inexistente. En moi escasos cines pódense visionar películas en lingua galega, incluso na televisión galega as actividades de dobraxe son cada vez máis escasas.

Pero ademais tampouco o galego está presente nas plataformas televisivas cada vez máis utilizadas por un maior número de persoas. Nestas plataformas, como Movistar+ seguramente a máis vista, todas as series e películas de cine actuais ou máis populares, poden visionarse con subtítulos en castelán, euskera e catalán pero non existe nin unha soa que teña subtítulos en galego.

Isto é froito dun abandono absoluto por parte da Xunta de Galicia das políticas de promoción do galego, realmente case humillante. Como é posible que estean todos os idiomas oficiais menos o noso? Para a normalización da lingua son tamén fundamentais as políticas de prestixio, e a Xunta está a facer todo o contrario ca nosa.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes Preguntas:

1.ª) Por que na plataforma Movistar+ boa parte da súa oferta de series e cine se pode ver en euskera e catalán e non en galego?

Grupo Parlamentario

2.º) Por que non está presente a lingua galega?

3.ª) Ten a Secretaría Xeral de Política Lingüística algún proxecto para que o galego se sitúe ao mesmo nivel que o resto das linguas nestas plataformas de televisión cada vez máis utilizadas?

4.ª) Non considera que é importante para o impulso do uso do noso idioma que estea presente nos medios máis actuais de lecer?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017 de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:58:50

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:59:00

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez. deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Tres das cinco catedrais de Galicia, as de Mondoñedo, Ourense e Tui, están a cobrar entradas para poder visitar o edificio catedralicio. De balde tan só se pode entrar mentres se celebran oficios relixiosos e para asistir a eles, non para coñecer a catedral.

Todas elas recibiron no pasado, e están a recibir agora, substanciosas achegas de diñeiro público para proceder a súa rehabilitación e restauración.

Nas de Mondoñedo e Ourense, a Consellería de Cultura está investindo máis dun millón de euros en cada unha, e a de Tui estase rehabilitando con achegas do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia.

Na páxina web da Consellería de Cultura dáse conta das obras a realizar en Mondoñedo e Tui, e se xustifican estas actuacións con estas palabras: “O obxectivo da actuación é promover a protección deste ben e potenciar a súa utilización como recurso, espazo e obxecto cultural, para o cal é preciso procurar a conservación adecuada e sustentable e preservalo para toda a humanidade. Perséguese a conservación do ben e aumentar o seu atractivo cultural, para potenciar ao tempo o seu interese público e a súa función e significación como fito cultural relevante dun amplo territorio.”

Se intenta preservar para o seu coñecemento e uso como ben cultural e para toda a humanidade, claro que tal como está a facer a igrexa, non se preserva para toda a humanidade senón para a parte da humanidade que poda pagalo.

Estamos totalmente de acordo cas inversións feitas pola Consellería de Cultura ou outras administracións públicas para preservar o noso

Grupo Parlamentario

patrimonio cultural e artístico, tamén por suposto o da igrexa, dado que é a depositaria dunha importante cantidade de bens culturais, pero o que non se pode admitir é que unha vez que se rehabilita un ben con diñeiro público, é dicir, de toda a sociedade, este ben non sexa accesible a toda a cidadanía e se cobre por visitalo.

En algunhas destas catedrais existe un servizo de audioguías que se pon como desculpa para cobrar a entrada. Por suposto entendemos que por eses servizos, ou calquera outro que se ofrezca aos visitantes, os cabidos catedralicios cobren unha cantidade, incluso pola entrada aos museos diocesanos, pero nunca pola visita ao edificio principal da catedral.

Por outra parte, hai que ter en conta que cobrando a entrada, os cabidos catedralicios están incumprindo o artigo 48 da lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que obriga a permitir visitar de balde calquera ben declarado BIC un mínimo de 4 días ao mes.

Consideramos que é inaceptable que se estea cobrando por coñecer bens que reciben cuantiosas inversións públicas como son estas catedrais, e máxime cando a Igrexa Católica desfruta de importantísimos privilexios económicos, como ser os únicos propietarios que non pagan o IBI.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas.

1.ª) Como valora a Consellería de Cultura que as catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui cobren por entrar a visitalas mentres están a recibir cuantiosas achegas de diñeiro público?

2.ª) Considera que é xusto que se cobre por visitar un ben cultural e artístico que recibe axudas económicas da Xunta de Galicia?

 Grupo Parlamentario

3.ª) Pensa a Consellería de Cultura impedir este cobro por parte das ditas catedrais?

4.ª) Considera a Consellería de Cultura que estas catedrais están a cumprir as obrigas que teñen por ser BIC?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:46:23

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:46:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 17233
Data envío: 21/09/2017 18:26:32.013

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás deficiencias no CHUAC.

A Xunta de Persoal do CHUAC vén de facer pública a denuncia a respecto da situación que se está a vivir no centro hospitalario. Denuncian que mentas o complexo ten máis de cen camas pechadas e unidades enteiras clausuradas, as persoas do servizo de oncoloxía están dispersas por todo o Centro.

Denuncian que as obras da unidade de oncoloxía e de cirurxía plástica terían que ter rematado, e a mediados de setembro estar operativas, mais esta non é a realidade senón que as persoas doentes de cancro diante do peche da unidade de onco están dispersas polo hospital e ingresadas unha boa parte na planta 9 E de medicina interna, precisamente unha das máis sobrecargadas e máis precaria a nivel de persoal. Resulta imposible que a pesar da moi alta profesionalidade do persoal, darlle a atención especializada que precisan, a empezar polo tempo que debería podérselle dedicar.

Denuncian que o servizo de urxencias está permanentemente colapsado, no que todos os días hai decenas de doentes pendentes de ingreso. Que nun contexto dunha ampla listas de espera en cirurxía, siga sen abrirse a unidade de cirurxía plástica, e que permanezan pechas 50 camas no Abente e Lago, 25 na terceira planta e 25 na cuarta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esta situación asistencial suman a precariedade de moit@s profesionais que non dispoñen dun calendario laboral estábel, non coñecen con suficiente antelación nin cal vai ser a súa quenda, servizo etc, o que dificulta sobremaneira poder facer unha mínima planificación, e moito menos conciliación.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Considera o Goberno galego que @s galeg@s reciben unha boa calidade asistencial coas carencias constantes á que ten sometida a sanidade pública galega?
- Cal é o número de doentes en espera de cama cada mañá no servizo de urxencias do CHUAC nos últimos 3 meses?
- Cantos tiñan cama e cantos en espera dunha?
- Cal foi a ubicación, desglosada por servizos e plantas, d@s doentes de onco nos últimos tres meses?
- Reforzáronse os servizos onde se ingresaron estes doentes?
- coida que @s enfermos de cancro, que teñen unhas necesidades específicas, poden ser atendid@s debidamente, coa sobrecarga asistencial que teñen @s profesionais, especialmente en medicina interna?
- Cando vai abrir as 50 camas pechadas no Abente e Lago?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cando van poñer en funcionamento as unidades de cirurxía plástica e oncoloxía, en especial esta última para poder prestarlle @s doentes de cancro a atención que precisan na súa unidade?

- Van facilitarlle @s traballadores/as en tempo e forma o calendario laboral, coa xornada e servizo no que van prestar os seus servizos?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 18:23:56

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 18:24:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 17233

Data envío: 21/09/2017 18:26:32.013

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 18:24:02

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 18:24:03

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 18:24:05

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 18:24:06

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Segundo afirma algún medio de comunicación, a Xunta de Galicia mantivo, cando menos, unha reunión con representantes da Fundación Francisco Franco, afirmación que foi confirmada polo presidente Feijoo.

Dende logo, non deixa de ser rechamante que un goberno democrático manteña reunións cunha Fundación profranquista, e non chama menos a atención polo feito de que a Consellería de Cultura diga que a reunión se produciu no “ámbito do expediente” aberto polo incumprimento de la familia Franco do réxime de visitas públicas ao Pazo de Meirás. O responsable do cumprimento da Lei de Patrimonio e das visitas é a familia Franco, e polo tanto entendemos que o expediente abriuse contra ela, non contra a Fundación Francisco Franco, o que abre múltiples incógnitas sobre esta reunión e a actitude da Xunta neste tema.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas veces se reuniu a Xunta da Galicia coa Fundación Francisco Franco? En que datas?
- 2.^a) Quen participou nas reunións tanto por parte da Xunta como a Fundación Francisco Franco?
- 3.^o) Cal foi o motivo exacto desta ou destas reunións?

Grupo Parlamentario

4.ª) Si se refería ao expediente aberto a familia Franco, por que se reuniron coa Fundación?

5.ª) Cantos expedientes abriu a Consellería de Cultura polos incumprimentos da Lei de patrimonio no Pazo de Meirás?

6.ª) Estes expedientes abríronse á familia Franco ou a Fundación Francisco Franco?

7.ª) Si o motivo da reunión era o expediente aberto a familia Franco, por que se reuniron coa Fundación Francisco Franco?

8.ª) Presentouse a Fundación Francisco Franco como representante oficial da familia Franco?

9.ª) Presentaron algún documento oficial ao respecto desa representación?

10.ª) Con relación ao expediente aberto polas visitas ao pazo de Meirás, reuniuse a consellería con alguén máis?

11.ª) De que se falou nesta reunión ca Fundación Francisco Franco? Chegaron a algún acordo?

12.ª) Sabía a Xunta de Galicia que a Fundación Francisco Franco estaba a xestionar as visitas ao Pazo?

13.ª) Si o sabía, comunicou a Fundación o seu rechazo e negativa a que fora a Fundación a encargada das visitas?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:52:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/09/2017 16:52:46

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:52:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte **corrección de erros** no doc. núm. **17224**:

Onde di: “...Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.”

Debe dicir: “...Pregunta para a súa resposta escrita.”

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/09/2017 10:08:07

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/09/2017 10:08:17

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/09/2017 10:08:25

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 157.2 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda a **recualificar** a iniciativa **con número de Rexistro 3189** e se inclúa na primeira sesión competente, por teren transcorrido amplamente os prazos regulamentarios establecidos para a súa contestación por escrito.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Martínez Álvarez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2017 11:35:06

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2017 11:35:13

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727